

F2202004 – Actualización normativa para a atención á diversidade.

Elena Urtiaga Estévez

CFR Ferrol - 24 de outubro de 2022

Primeira sesión

- Evolución normativa: LOMLOE
- Decretos currículo
- Orde do 25 de xaneiro de 2022 (avaliación)
- Resolución do 26 de maio de 2022 (instrucións curso 2022/23)
- Cambio de paradigma
- Principios actuación
- Recursos
- Medidas ordinarias





Victoria García Ortega, premio a la excelencia académica 2020-2021, es graduada en Educación Primaria y ya prepara oposiciones

Victoria García Ortega, graduada en Educación Primaria en el campus de Pontevedra de la UVigo, ya prepara oposiciones

16 oct 2022 . Actualizado a las 17:51 h.

Para Victoria el premio a la excelencia académica supone una «motivación enorme». Más allá del «esfuerzo recompensado» ella piensa en sus futuros alumnos y en su propia experiencia vital. «Yo era una estudiante normal, pero **varios profesores me dijeron que no llegaría a nada en primaria, secundaria y bachillerato**. Gracias al apoyo de mi familia puedo decir que las cosas me han ido bien. Ahora el premio aumenta mi confianza en mí», relata.

Esta chica ya está preparando oposiciones en Ourense para ser profesora de educación primaria. Lo atribuye a su responsabilidad y sobre todo a su constancia porque asegura que «no era ni mucho menos la más inteligente de clase». Para ella la titulación implicó encontrarse con su verdadera vocación y mejorar sus notas, que en el grado no bajaban del 8. «Mis padres no me obligaron a nada, pero a mi madre, que también es profesora, le decían cuando yo era pequeña que o se sentaba conmigo y trabajaba conmigo o no iba a conseguir nada».

1ª sesión

PARA TODAS / TODOS:

DIVERSIDADE

Alumno incorporación do estranxeiro

CENTRO A

- Indica no acompañamento da solicitude a conveniencia de escolarizalo nun curso anterior
- Solicita incremento de profesorado: AL
- Proposta de AC

CENTRO B

- Solicita máis tempo para a avaliación da alumno.
- O inclúen nun grupo no que hai reforzos do PDH (adquisición linguas)
- Establecen tutorías coa familia
- Asignan quendas de alumnos/as para ensinarlle o centro e os recreos.
- Realizan un seguimento da súa integración no grupo
- Observación e rexistro(equipo docente)

Alumna con nee, traslado por acoso en 2º ESO

CENTRO A

- Informa posibles dificultades de integración por características dos grupos
- Solicita incremento de profesorado: PT
- Informan á familia de escasez de recursos e de que deberá manter entrevistas con cada docente

CENTRO B

- Inclusión nun grupo menos numeroso
- Establecen tutorías coa familia
- Reunión equipo docente
- Incluída nun dos equipos na aula
- Asignación de alumnado para coñecer o centro e recreos
- Inicio dos recreos inclusivos
- Observación e rexistro(equipo docente)

MARCO NORMATIVO

- **Lei orgánica 2/2006**, do 3 de maio, de educación.(LOE)
- **Lei orgánica 3/2020**, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (LOMLOE)
- **Decreto 105/2014**, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Decreto 86/2015**, de 25 de xullo, polo que se establece o currículo da educación secundaria obligatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

- **Decreto 150/2022**, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Decreto 155/2022**, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Decreto 156/2022**, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Decreto 157/2022**, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

- **Decreto 229/2011**, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- **Orde do 8 de setembro de 2021**, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- ***Orde do 25 de xaneiro de 2022***, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.
- ***Orde do 20 de maio de 2022*** pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ***Resolución do 26 de maio de 2022***, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria e bacharelato no curso académico 2022-23.

TÍTULO PRELIMINAR.

CAPÍTULO II: A organización das ensinanzas e a aprendizaxe ao longo da vida.

Artigo 3: As ensinanzas.

~~3. A educación primaria e a educación secundaria obrigatoria constitúen a educación básica.~~

3. A educación primaria, a educación secundaria obrigatoria **e os ciclos formativos de grao básico** constitúen a educación básica.

TÍTULO PRELIMINAR.

CAPÍTULO II: A organización das ensinanzas e a aprendizaxe ao longo da vida.

1. O ensino básico ó que fai referencia o artigo 3.3 desta Lei é obrigatorio e gratuito para todas as persoas.
2. O ensino básico comprende dez anos de escolaridade e desenvolverase, de forma regular, entre os 6 e os 16 anos de idade. Non obstante, os alumnos e alumnas terán dereito a permanecer en réxime ordinario cursando o ensino básico ata os 18 anos de idade, cumpridos no ano no que finalice o curso, nas condicións establecidas na presente Lei.

Artigo 28.5 da LOMLOE inclúe unha prolongación excepcional ata os 19 anos.

TÍTULO I. AS ENSINANZAS E A SÚA ORDENACIÓN.

CAPÍTULO II: Educación Primaria.

Artigo 18: Organización.

- ~~1. A etapa de Educación Primaria comprende seis cursos e organízase en áreas, que terán un carácter global e integrador.~~
1. A etapa de educación primaria comprende **tres ciclos de dous anos académicos cada un** e organízase en áreas, que terán un carácter global e integrador, **estarán orientadas ao desenvolvemento das competencias do alumnado e poderán organizarse en ámbitos.**

TÍTULO I. AS ENSINANZAS E A SÚA ORDENACIÓN.

CAPÍTULO II: Educación Primaria.

Artigo 18: Organización.

No punto 2 establécense as áreas.

Cambia a denominación dalgunhas delas.

- **Real Decreto** de ensanzas mínimas e ordenación da etapa: primeira concreción xeral da organización, contidos mínimos, ...
- **Decreto** polo que se establece o currículo en Galicia: concreción definitiva cos correspondentes currículos.

Artigo 20: Avaliación durante a etapa.

~~2. O alumno ou alumna accederá ao curso ou etapa seguinte sempre que se considere que acadou os obxectivos e o grao de adquisición das competencias correspondentes. De non ser así, poderá repetir unha soa vez durante a etapa, coun plan específico de reforzo ou recuperación.~~

3. Ao finalizar cada un dos ciclos o titor ou titora emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumno ou alumna, indicando no seu caso as medidas de reforzo que se deben contemplar no ciclo ou etapa seguinte.

Se nalgún caso e tras ter aplicado as medidas ordinarias suficientes, axeitadas e personalizadas para atender o desfase curricular ou as dificultades de aprendizaxe, considérase que **debe permanecer un año máis no mesmo curso**, organizarase un plan específico de reforzo para que durante ese curso poida alcanzar o grao de adquisición das competencias. Esta decisión so se poderá adoptar unha vez durante a etapa e terá, **en todo caso, carácter excepcional**.

A LOE. A Educación Primaria.

4/5

Artigo 20: Avaliación durante a etapa.

- ~~3. Os centros docentes realizarán unha avaliación individualizada a todos os alumnos e alumnas ao rematar o terceiro curso de Educación Primaria ...~~

Artigo 21. Avaliación final de Educación Primaria.

- ~~1. Ao rematar o sexto curso de Educación Primaria, realizarase unha avaliación individualizada a todos os alumnos e alumnas...~~

Artigo 21. **Avaliación de diagnóstico.**

No cuarto curso de educación primaria todos os centros realizarán unha avaliación de diagnóstico das competencias adquiridas polo seu alumnado. ... Estas avaliacións, de carácter censal, ...

Artigo 20 bis: Atención ás diferenzas individuais.

Nesta etapa poñerase especial énfase na atención individualizada ao alumnado, na realización de diagnósticos precoces e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo para evitar a repetición escolar, particularmente en contornas socialmente desfavorecidas.

TÍTULO I. AS ENSINANZAS E A SÚA ORDENACIÓN.

CAPÍTULO III: Educación Secundaria Obrigatoria.

~~Artigo 23 bis: Ciclos de Educación Secundaria Obrigatoria.~~

~~A etapa de Educación Secundaria Obrigatoria organízase en materias e comprende dous ciclos, o primeiro de tres cursos escolares e o segundo de un.~~

~~O segundo ciclo ou cuarto curso da Educación Secundaria Obrigatoria terá un carácter fundamentalmente propedéutico.~~

Artigo 24: Organización dos cursos de 1º a 3º.

- **En 3º curso so existirá unha única modalidade na materia de Matemáticas** e non dúas como no curso 2021/22 (Académicas e Aplicadas).
- A materia de **Tecnoloxía** pasa a denominarse **Tecnoloxía e Dixitalización**.
- Establece que se cursará algunha materia optativa, **que poderá configurarse como un traballo monográfico ou un proxecto interdisciplinar ou de colaboración cun servizo á comunidade**.

A LOE. A Educación Secundaria Obrigatoria.

3/8

Artigo 25: Organización do 4º curso.

- **Desaparecen as dúas vías** que se estableceron coa LOMCE.
- Establece as materias comúns (Educación Física, Xeografía e Historia, Lingua Castelá, Lingua Galega, Lingua Estranxeira, Matemáticas con dúas opcións diferenciadas).
- **Ademais de tres materias dun conxunto delas que se establecerá coas CCAA.**
- Establece que se poderán cursar materias optativas, que darán continuidade ás dos cursos anteriores **e que poderán configurarse como un traballo monográfico ou un proxecto de colaboración cun servizo á comunidade.**

A estrutura, organización, currículo, ... concretaranse a través de:

- **Real Decreto** de ensinanzas mínimas e ordenación da etapa: primeira concreción xeral da organización, contidos mínimos, ...
- **Decreto** polo que se establece o currículo en Galicia: concreción definitiva cos correspondentes currículos.

~~Artigo 27: Programas de mellora da aprendizaxe e o rendemento.~~

~~Desenvolvíanse nos cursos de 2º e 3º.~~

Artigo 27: Programas de diversificación curricular.

- **Desenvolveranse nos cursos de 3º e 4º.**
- **Os PDC estarán orientados á consecución do título de Graduado en ESO.**

A LOE. A Educación Secundaria Obrigatoria.

6/8

Artigo 28: Avaliación e promoción.

- **En todo caso promocionará o alumnado que teña acadado os obxectivos das materias ou ámbitos cursados ou teñan avaliación negativa nunha ou dúas materias.**
- ~~E repetirán curso cando teñan avaliación negativa en tres ou máis materias, ou en dúas materias que sexan Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas simultaneamente.~~
- ~~Co fin de facilitar aos alumnos e alumnas a recuperación das materias con avaliación negativa, as Administracións educativas regularán as condicións para que os centros organicen as oportunas probas extraordinarias nas condicións que determinen.~~

Artigo 28: Avaliación e promoción.

- O alumno ou alumna poderá repetir o mesmo curso unha soa vez ~~e dúas veces como máximo dentro da etapa.~~
- En todo caso, o alumno ou alumna poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez **e dúas veces como máximo no ensino obrigatorio.**

Artigo 29: ~~Avaliación de Educación Secundaria Obligatoria.~~

Artigo 29: **Avaliación de diagnóstico.**

No segundo curso de educación secundaria obrigatoria todos os centros realizarán unha avaliación de diagnóstico das competencias acadadas polo seu alumnado. ... Estas avaliacións, de carácter censal ...

Artigo 30: ~~Proposta de acceso á Formación Profesional Básica.~~

Artigo 30: **Ciclos formativos de grao básico.**

- **Establece os ámbitos: Ámbito de Comunicación e Ciencias Sociais, Ámbito de Ciencias Aplicadas e o Ámbito Profesional.**
- **Indica os criterios pedagóxicos.**
- **A superación da totalidade dos ámbitos incluídos nun ciclo de grao básico conducirá á obtención do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.**

Artigo 41. Condicións de acceso e admisión.

1. O acceso aos ciclos de FP Básica requirirá o cumprimento simultáneo das seguintes condicións:

- a) Ter cumpridos 15 anos, ou cumprilos durante o año natural en curso, ~~e non superar os 17 anos no momento do acceso ou durante o ano natural en curso.~~
- b) Ter cursado o ~~primeiro ciclo~~ **3º curso** da ESO ou, excepcionalmente, ter cursado o 2º curso da ESO.
- c) Ter proposto o equipo docente aos pais, nais ou titores legais a incorporación do alumno ou alumna a un ciclo de FP Básica, ...

Artigo 32: Principios xerais.

- ~~• 2. Poderán acceder aos estudos de Bacharelato os alumnos e alumnas que estean en posesión do título de Graduado en ESO e teñan superado a avaliación final de ESO pola opción de ensinanzas académicas.~~
- Poderán acceder aos estudos de bacharelato quen estea en posesión do título de Graduado en ESO. Así mesmo poderán acceder ós estudos de bacharelato quen estea en posesión de calquera título de formación profesional, de artes plásticas e deseño ou de Ensinanzas Deportivas e aqueles outros casos previstos na Lei.**

Artigo 34: Organización xeral do bacharelato.

- Instaurase **unha nova modalidade de bacharelato**. As modalidades son Ciencias e Tecnoloxía, Humanidades e Ciencias Sociais, Artes e **Xeral**.
- Establécense as materias comúns: Educación Física, Filosofía, **Historia da Filosofía**, Historia de España, Lingua Castelá, Lingua Galega e Lingua Estranxeira.
- **Corresponde ás Administracións educativas a ordenación das materias optativas. Os centros poderán facer propostas doutras optativas propias, que requirirán a aprobación previa por parte da Administración educativa correspondente.**

Artigo 34: Organización xeral do bacharelato.

- **As materias non están distribuídas por cursos ao ser eliminados os artigos 34bis e 34ter.**
-
- **Real Decreto** de ensinanzas mínimas e ordenación da etapa: primeira concreción xeral da organización, contidos mínimos, ...
 - **Decreto** polo que se establece o currículo en Galicia: concreción definitiva cos correspondentes currículos.

Artigo 41. Condicións de acceso e admisión.

O acceso a ciclos formativos de **grao medio** requirirá o cumprimento dunha das seguintes condicións:

a) Estar en posesión dun dos seguintes títulos:

1.º Título de Graduado en ESO, ~~sempre que o alumno ou alumna teña superado a avaliación final de ESO pola opción de ensinanzas aplicadas.~~

2.º Título Profesional Básico.

~~3.º Título de Bacharelato.~~

~~4.º Un título universitario.~~

~~5.º Un título de Técnico ou de Técnico Superior de Formación Profesional.~~

~~b) Estar en posesión dun certificado acreditativo de ter superado todas as materias de Bacharelato.~~

c) Ter superado un curso de formación específico para o acceso a ciclos de grao medio e ter 17 anos cumpridos no ano de finalización do curso.

d) Ter superado unha proba de acceso e ter 17 anos cumpridos no ano de realización da proba.

Artigo 41. Condicións de acceso e admisión.

O acceso a ciclos formativos de **grao superior** requirirá o cumprimento dunha das seguintes condicións:

Estar en posesión do título de Bacharelato, dun ~~título~~ **grao** universitario, ou dun título de Técnico ou de Técnico Superior de Formación Profesional, ~~ou dun certificado acreditativo de ter superado todas as materias do Bacharelato~~, ou ter superado unha proba de acceso, de acordo cos criterios establecidos polo Goberno, e ter 19 anos cumpridos no ano de realización da proba.

Ter superado un curso de formación específico preparatorio para o acceso a ciclos de grao superior en centros públicos ou privados autorizados pola administración educativa e ter 19 anos cumpridos no ano de finalización do curso.

Artigo 39. Principios xerais.

7. Nos estudos de formación profesional prestarase especial atención aos alumnos e alumnas con necesidade específica de apoio educativo, mantendo como un dos principios destas ensinanzas a inclusión educativa. Para estes efectos, estableceranse as alternativas organizativas e metodolóxicas e as medidas de atención á diversidade precisas para facilitar o acceso ao currículo deste alumnado

A LOE. Educación de persoas adultas.

Artigo 67. Organización.

1. Poderá incorporarse á educación de persoas adultas quen faga dezaoito anos no ano en que comece o curso.

Ademais das persoas adultas, excepcionalmente, poderán cursar estas ensinanzas os maiores de dezaseis anos que o soliciten e que teñan un contrato laboral que non lles permita acudir aos centros educativos en réxime ordinario ou sexan deportistas de alto rendemento. Así mesmo, as administracións educativas poderán autorizar, excepcionalmente, o acceso a estas ensinanzas aos e ás maiores de dezaseis anos, en que concorran circunstancias que lles impidan acudir a centros educativos ordinarios e que estean debidamente acreditadas e reguladas, e a quen non estivese escolarizado no sistema educativo español.

DECRETO

150/2022

Artigo 3. A etapa de educación infantil

1. A educación infantil constitúe a etapa educativa con identidade propia que atende a nenas e nenos desde o nacemento ata os seis anos de idade.
2. Esta etapa ordénase en dous ciclos. O primeiro comprende ata os tres anos e o segundo desde os tres aos seis anos de idade.

Artigo 5. Principios xerais

1. A educación infantil ten carácter voluntario.
3. Co obxectivo de garantir os principios de equidade e inclusión, a programación, a xestión e o desenvolvemento da educación infantil atenderán á compensación dos efectos que as desigualdades de orixe cultural, social e económica teñen na aprendizaxe e na evolución infantil, así como á detección precoz e á atención temperá de necesidades específicas de apoio educativo
4. Con este mesmo obxectivo, as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares que se adopten rexeranse polos principios do deseño universal para a aprendizaxe.



Artigo 6. Currículo

- a) **Obxectivos da etapa:** logros ...
- b) **Competencias clave:** desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito ...
- c) **Obxectivos de área:** desempeños que o alumnado debe poder despregar en actividades ou en situacións cuxa abordaxe require as aprendizaxes asociadas aos contidos de cada área
- d) **Criterios de avaliación:** referentes que indican os niveis de desempeño esperados..
- e) **Contidos:** coñecementos, destrezas e actitudes propios dunha área e cuxa aprendizaxe é necesaria para adquirir o nivel de desempeño indicado nos criterios de avaliación e para o logro dos obxectivos da área...
- f) **Orientacións pedagóxicas:** indicacións para orientar o profesorado..

Artigo 8. Competencias clave

- a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia plurilingüe (CP).
- c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM).
- d) Competencia dixital (CD).
- e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- f) Competencia cidadá (CC).
- g) Competencia emprendedora (CE).
- h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

Artigo 9. Áreas

2. As áreas da educación infantil son as seguintes:
- a) Comunicación e Representación da Realidade.
 - b) Crecemento en Harmonía.
 - c) Descubrimento e Exploración da Contorna

Artigo 10. Estrutura das áreas

1. A organización en áreas desenvólvese no anexo II seguindo, respecto de cada área, a seguinte estrutura:
- a) Introducción.
 - b) Obxectivos, que serán comúns para os dous ciclos da etapa.
 - c) Criterios de avaliación e contidos, organizados en bloques para cada un dos ciclos da etapa.
 - d) Orientacións pedagóxicas.

Artigo 13. Concreción curricular

1. A concreción curricular para o segundo ciclo da etapa é o marco que establece o claustro de profesorado cos criterios e as decisións para orientar o desenvolvemento do currículo por parte do profesorado e a coordinación interdisciplinar por parte dos órganos de coordinación didáctica, para garantir a coherencia na actuación docente.



2. A **concreción curricular** para o segundo ciclo da etapa incluírá, como mínimo:

- a) A adecuación dos obxectivos da etapa ao contexto do centro.
- b) A contribución á adquisición das competencias.
- c) Os criterios para incorporar elementos transversais.
- d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía.
- e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos.
- f) Os criterios para o deseño das actividades complementarias.
- g) Os criterios xerais para a avaliación.



- h) As decisións e os criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións
- i) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas.
- j) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular.



3. A consellería con competencias en materia de educación promoverá o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na elaboración e modificación da concreción curricular.

2. As programacións didácticas das áreas do segundo ciclo das ensinanzas de educación infantil incluírán, como mínimo, os seguintes elementos:

- a) Introducción.
- b) Obxectivos da área e súa contribución ao desenvolvemento das competencias.
- c) Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da área que se traballará, coa súa secuenciación e temporalización.
- d) Metodoloxía.
 - Concrecións metodolóxicas.
 - Materiais e recursos didácticos.
- e) Avaliación.
 - Procedemento para a avaliación inicial.
 - Criterios de valoración do desenvolvemento e das aprendizaxes do alumnado.
- f) Medidas de atención á diversidade

g) Transversal.

- Concreción dos elementos transversais.
- Actividades complementarias.

h) Práctica docente.

- Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.
- Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

3. O equipo docente realizará o **seguimento** das programacións didácticas de cada área, con indicación do seu grao de cumprimento e, en caso de desviacións, cunha xustificación razoada.

4. A consellería con competencias en materia de educación promoverá o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na elaboración e no seguimento das programacións didácticas.

15. 4. De igual modo, sen que resulte esixible para afrontar a educación primaria, poderase favorecer unha primeira aproximación á lectura e á escritura, así como experiencias de iniciación temperá en habilidades numéricas básicas, nas tecnoloxías da información e da comunicación, na expresión visual e musical, e en calquera outra que a consellería con competencias en materia de educación determine.

15.5. A consellería con competencias en materia de educación fomentará unha primeira aproximación á lingua estranxeira nas aprendizaxes do segundo ciclo da educación infantil.

19.3. A consellería con competencias en materia de educación establecerá procedementos que permitan a detección temperá das dificultades que poden darse nos procesos de ensino e aprendizaxe e a prevención destas a través de plans e programas que faciliten unha intervención precoz. Así mesmo, facilitará a coordinación de cantos sectores interveñan na atención deste alumnado.

19.4. Os centros docentes adoptarán as medidas adecuadas dirixidas ao alumnado que presente necesidade específica de apoio educativo. Así mesmo, adoptarán a resposta educativa que mellor se adapte ás características e ás necesidades persoais das nenas e dos nenos que presenten necesidades educativas especiais.

19.5. O profesorado e o resto de profesionais que atendan as nenas e os nenos adaptarán ás concrecións do currículo a súa propia práctica educativa, baseándose no deseño universal para a aprendizaxe e de acordo coas características desta etapa educativa e coas necesidades colectivas e individuais do seu alumnado.



Artigo 20. Avaliación

1. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos das áreas da etapa nas avaliacións continua e final das áreas serán os criterios de avaliación que figuran no anexo II.
2. A avaliación será global, continua e formativa. A valoración do proceso de aprendizaxe farase de xeito cualitativo tendo en conta os progresos efectuados polas nenas e polos nenos.



20.4. Na avaliación promoverase o uso xeneralizado de **instrumentos de avaliación** variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado. Nese sentido, a observación directa e sistemática constituirá a principal técnica do proceso de avaliación, sen prexuízo do posible emprego, xunto a esta técnica principal, doutras técnicas cun carácter accesorio como a análise das producións das nenas e dos nenos, e as entrevistas coas familias ou coas persoas titoras legais.

20.5. O proceso de avaliación deberá contribuír a mellorar o proceso de ensino e aprendizaxe mediante a valoración da pertinencia das estratexias metodolóxicas e dos recursos utilizados. Con esta finalidade, todas as persoas profesionais implicadas avaliarán a súa propia práctica educativa, para o que establecerán **indicadores de logro** nas programacións docentes.

20.6. O equipo docente, coordinado pola titora ou polo titor do grupo, levará a cabo a avaliación final do alumnado de forma colexiada nunha única sesión, que terá lugar ao finalizar o curso escolar



21.2. De conformidade co establecido no artigo 4.2.e) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, e no artigo 12.4 do Real decreto 95/2022, do 1 de febreiro, e de acordo coas previsións da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, as nais, os pais ou as persoas titoras legais deberán participar e apoiar a evolución do proceso educativo das súas fillas, dos seus fillos ou das persoas que tutelen, así como coñecer as decisións relativas á avaliación, e colaborar nas medidas de apoio ou reforzo que adopten os centros docentes para facilitar o seu progreso educativo, sen prexuízo do respecto ás garantías establecidas na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa aplicable en materia de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 22. Documentos e informes de avaliación

1. Na educación infantil, os documentos oficiais de avaliación son as **actas de avaliación**, o **expediente académico**, o **historial académico**, o **informe final de etapa**, e, de ser o caso, o **informe persoal por traslado**.

2. O historial académico e, de ser o caso, o informe persoal por traslado, considéranse documentos básicos para garantir a mobilidade do alumnado nos centros docentes do ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia.

27.2. O **informe persoal por traslado** conterá os resultados das avaliacións que se realizaran, as medidas curriculares e organizativas que, de ser o caso, foran aplicadas e todas as observacións que se consideren oportunas acerca do progreso xeral da alumna ou do alumno.

23.2. A valoración do proceso de aprendizaxe expresarase en termos cualitativos e recollerá os progresos efectuados polas nenas e polos nenos.

DECRETO

155/2022

Artigo 3. A etapa de educación primaria

1. A educación primaria é unha etapa educativa que constitúe, xunto coa educación secundaria obrigatoria e os ciclos formativos de grao básico, a **educación básica**.
2. A educación primaria comprende **tres ciclos de dous cursos** académicos cada un e organízase en **áreas** que terán un carácter global e integrador, as cales estarán orientadas ao desenvolvemento das competencias clave do alumnado e poderán organizarse en ámbitos.



Artigo 5. Principios xerais

1. A educación primaria é unha etapa que comprende seis cursos académicos e ten carácter obrigatorio e gratuíto.
2. Con carácter xeral, cursarase entre os seis e os doce anos de idade e o alumnado incorporarase ao primeiro curso da educación primaria no ano natural en que cumpra seis anos.
3. A acción educativa nesta etapa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado desde unha perspectiva global e adaptarase aos seus ritmos de traballo.
4. As medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares que se adopten rexeranse polos principios do deseño universal para a aprendizaxe.



Artigo 6. Currículo

1. De conformidade co artigo 6.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, o conxunto de obxectivos, competencias, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación da educación primaria constitúe o currículo desta etapa

- a) **Obxectivos da etapa:** logros ...
- b) **Competencias clave:** desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito ...
- c) **Perfil de saída:** concreción dos principios e fins do sistema educativo referidos á educación básica que fundamenta o resto de decisións curriculares.
- d) **Obxectivos de área:** desempeños que o alumnado debe poder despregar en actividades ou en situacións cuxa abordaxe require as aprendizaxes asociadas aos contidos de cada área ou ámbito...
- e) **Criterios de avaliación:** referentes que indican os niveis de desempeño esperados..
- f) **Contidos:** coñecementos, destrezas e actitudes propios dunha área ou dun ámbito e cuxa aprendizaxe é necesaria para adquirir o nivel de desempeño indicado nos criterios de avaliación e para o logro dos obxectivos da área.
- g) **Orientacións pedagóxicas:** indicacións para orientar o profesorado..

Artigo 9. Áreas

1. As áreas da educación primaria que se imparten en todos os cursos son as seguintes:

- a) Ciencias da Natureza.
- b) Ciencias Sociais.
- c) Educación Física.
- d) Educación Plástica e Visual.
- e) Lingua Castelá e Literatura.
- f) Lingua Estranxeira.
- g) Lingua Galega e Literatura.
- h) Matemáticas.
- i) Música e Danza.

2. Ás áreas incluídas no punto anterior engadirase no **sexto curso**:

- Educación en Valores Cívicos e Éticos.

Artigo 10. Estrutura das áreas

1. A organización en áreas desenvólvese no anexo II seguindo, respecto de cada área, a seguinte estrutura:

a) Introducción.

b) Obxectivos, que serán comúns para todos os ciclos da etapa.

c) Criterios de avaliación e contidos, organizados en bloques para cada un dos cursos da etapa.

d) Orientacións pedagóxicas

Artigo 11. Horario

2. A distribución das áreas en cada xornada e durante a semana realizarase atendendo exclusivamente a razóns pedagóxicas e organizativas. Nese sentido, os centros docentes, no uso da súa autonomía, poderán organizar o horario lectivo en cada xornada en sesións ou medias sesións que se poderán agrupar co fin de potenciar estratexias metodolóxicas para o desenvolvemento das competencias clave ou de traballo interdisciplinario, respectando en todo caso o horario semanal previsto no anexo III para cada unha das áreas.



Artigo 12. Agrupación de áreas en ámbitos

1. Os centros docentes poderán establecer agrupacións de áreas en ámbitos no marco do establecido a este respecto pola consellería con competencias en materia de educación.
2. O currículo dos ámbitos constituídos por agrupacións de áreas incluírá os obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos das áreas que os conforman, así como o horario asignado ao conxunto delas.

13.2. Os centros docentes, no uso da súa autonomía, desenvolverán e completarán, de ser o caso, o currículo da educación primaria e fixarán a súa concreción e incorporarana ao seu proxecto educativo e funcional, que impulsará e desenvolverá os principios, os obxectivos e a metodoloxía propios dunha aprendizaxe competencial orientada ao exercicio dunha cidadanía activa.

13.3. Así mesmo, os centros docentes poderán establecer medidas de flexibilización na organización das áreas, nas ensinanzas, nos espazos e nos tempos, e promover alternativas metodolóxicas, co fin de personalizar e mellorar a capacidade de aprendizaxe e os resultados de todo o alumnado, nos termos establecidos pola consellería con competencias en materia de educación.



13.4. No exercicio da súa autonomía, os centros docentes poderán adoptar experimentacións, innovacións pedagóxicas, programas educativos, plans de traballo, formas de organización, normas de convivencia ou ampliación do calendario escolar ou do horario lectivo de áreas ou ámbitos, nos termos establecidos pola consellería con competencias en materia de educación e dentro das posibilidades que permita a normativa aplicable, incluída a laboral, sen que, en ningún caso, supoña discriminación de ningún tipo, nin comporte a imposición de achegas ás nais, aos pais ou ás persoas titoras legais, nin de exixencias para as administracións educativas

Artigo 14. Concreción curricular

1. A concreción curricular é o marco que establece o Claustro de profesorado cos criterios e as decisións para orientar o desenvolvemento do currículo por parte do profesorado e a coordinación interdisciplinaria por parte dos órganos de coordinación didáctica, para garantir a coherencia na actuación docente.
2. A concreción curricular da etapa **incluírá, como mínimo:**
 - a) A adecuación dos obxectivos da etapa ao contexto do centro.
 - b) A contribución á adquisición das competencias clave.
 - c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais.
 - d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía.
 - e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos.
 - f) Os criterios para o deseño das actividades complementarias.
 - g) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso.
 - h) Os criterios xerais para a avaliación e a promoción.
 - i) As decisións e os criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas.
 - j) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas.
 - k) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular.



Artigo 15. Programacións didácticas

1. Os centros docentes desenvolverán o currículo das ensinanzas de educación primaria mediante a elaboración das correspondentes programacións didácticas para cada unha das áreas ou ámbitos seguindo as decisións e os criterios xerais establecidos na concreción curricular, e tendo en conta o disposto nos correspondentes regulamentos orgánicos.
2. As programacións didácticas das áreas ou ámbitos das ensinanzas de educación primaria incluírán, como mínimo, os seguintes elementos:
 - a) Introducción.
 - b) Obxectivos da área e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave.
 - c) Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da área que se traballará, coa súa secuenciación e temporización.
 - d) Metodoloxía.
 - Concrecións metodolóxicas.
 - Materiais e recursos didácticos.
 - e) Avaliación.
 - Procedemento para a avaliación inicial.
 - Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da área e criterios de recuperación.



f) Medidas de atención á diversidade.

g) Transversal.

- Concreción dos elementos transversais.

- Actividades complementarias.

h) Práctica docente.

- Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.

- Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

3. O equipo docente realizará o seguimento das programacións didácticas de cada área, con indicación do seu grao de cumprimento e, en caso de desviacións, cunha xustificación razoada.

Artigo 16. Principios pedagógicos

1. Na educación primaria poñerase especial énfase en garantir a inclusión educativa, a atención personalizada ao alumnado e ás súas necesidades de aprendizaxe, a participación e a convivencia, a prevención de dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzo e flexibilización, alternativas metodolóxicas ou outras medidas adecuadas tan axiña como se detecte calquera destas situacións.

3. A **metodoloxía didáctica** será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido, prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real. Así mesmo, a acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, favorecerá a capacidade de aprender por si mesmo, fomentará o traballo colaborativo e en equipo e potenciará a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión. Para estes efectos, teranse en conta as orientacións pedagóxicas establecidas no anexo II para cada unha das áreas.



4. Co obxecto de fomentar a integración das competencias clave, os centros docentes dedicarán un tempo do horario lectivo, nos termos recollidos na súa concreción curricular, á **realización de proxectos significativos para o alumnado** e á resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Así mesmo, para favorecer unha adquisición eficaz das competencias clave, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe que lle permitan ao alumnado avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

6. Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do **currículo integrado das linguas**. Estas medidas incluírán, polo menos, **acordos** sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar e o tratamento que se lles dará aos contidos e aos criterios de avaliación similares nas distintas áreas lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

Artigo 18. Coordinación entre etapas

Para garantir a continuidade do proceso de formación e unha transición e evolución positiva desde a educación infantil á educación primaria e desde esta á educación secundaria obrigatoria, a consellería con competencias en materia de educación e os centros docentes establecerán mecanismos para realizar a coordinación entre as diferentes etapas.



Artigo 19. Tutoría e orientación.

4. As persoas titoras informarán regularmente as nais, os pais ou as persoas titoras legais do seu alumnado sobre o proceso educativo das súas fillas, dos seus fillos ou das persoas que tutelen. Esta información subministrarase, como mínimo, cunha periodicidade trimestral e incluírá as valoracións realizadas en cada área, así como a información relativa ao seu proceso de integración socioeducativa.



5. Ao longo do terceiro ciclo, desde a tutoría coordinarase a incorporación de elementos de orientación académica e profesional que inclúan, polo menos, o progresivo descubrimento de estudos e profesións e a xeración de intereses vocacionais libres de estereotipos sexistas.

Artigo 20. Atención á diversidade

1. Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade o alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, co obxecto de reforzar a inclusión, asegurar o dereito a unha educación de calidade e para evitar a permanencia nun mesmo curso. Os mecanismos de apoio e reforzo serán tanto organizativos como curriculares e entre estes poderán considerarse o [apoio no grupo ordinario](#), os [agrupamentos flexibles](#) ou [as adaptacións do currículo](#).



20.2. Os centros docentes adoptarán as medidas necesarias, nos termos establecidos pola consellería con competencias en materia de educación, para responder ás necesidades educativas concretas das súas alumnas e dos seus alumnos, tendo en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe.

Estas medidas estarán orientadas a permitir que **todo o alumnado poida alcanzar os obxectivos e as competencias clave da etapa**, así como o nivel de desempeño esperado ao termo da educación primaria, de acordo co perfil de saída, polo que **en ningún caso poderán supoñer unha discriminación que impida a quen se beneficie delas acadar a promoción ao seguinte ciclo ou etapa.**



20.4. A **identificación e a valoración do alumnado con necesidade específica de apoio educativo** e, de ser o caso, a intervención educativa derivada desa valoración realizaranse da forma máis temperá posible, nos termos que determine a consellería con competencias en materia de educación. Os centros docentes deberán adoptar as medidas necesarias para facer realidade esa identificación, valoración e intervención. Neste proceso de identificación e valoración serán preceptivamente oídas e informadas as nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado. A consellería con competencias en materia de educación regulará os procedementos que permitan resolver as discrepancias que poidan xurdir, sempre tendo en conta o interese superior do menor e a vontade das familias que mostren a súa preferencia polo réxime máis inclusivo.

20.7. A escolarización do **alumnado que se incorpore de xeito tardío ao sistema educativo**, a que se refire o artigo 78 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, realizarase atendendo ás súas circunstancias, aos seus coñecementos, á súa idade e ao seu historial académico.

Cando presenten graves carencias nalgunha das linguas oficiais de Galicia e/ou desfasamento curricular, recibirán, nos termos establecidos pola consellería con competencias en materia de educación, unha atención específica que será, en todo caso, simultánea á súa escolarización no grupo ordinario, co que compartirá o maior tempo posible do horario semanal.

Quen presente un desfasamento no seu nivel de competencia curricular de dous ou máis cursos poderá ser escolarizado no curso inferior ao que lle correspondería por idade. Para este alumnado adoptaranse as medidas de reforzo necesarias que faciliten a súa integración escolar e a recuperación, de ser o caso, do seu desfasamento e que lle permitan continuar con aproveitamento a súa aprendizaxe. **No caso de superar ese desfasamento, incorporarse ao curso correspondente á súa idade.**



Artigo 21. Avaliación

1. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das áreas e da etapa na avaliación das áreas serán os criterios de avaliación que figuran no anexo II.

Os referentes no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirlle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

2. A avaliación do alumnado será global, continua e formativa, e terá en conta o grao de desenvolvemento das competencias clave e o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

3. No contexto deste proceso de avaliación continua, **cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o axeitado**, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan axiña como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.



4. Na avaliación promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado.
5. A avaliación das aprendizaxes das alumnas e dos alumnos terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe. Nese sentido, o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes.
6. Con independencia do seguimento realizado ao longo do curso, o equipo docente, coordinado pola titora ou polo titor do grupo, valorará, de forma colexiada, o progreso do alumnado nunha **única sesión de avaliación** que terá lugar ao finalizar o período lectivo do curso académico.

Artigo 22. Promoción

1. Ao finalizar os **cursos segundo, cuarto e sexto da etapa**, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na **sesión de avaliación final**, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado tutor. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

2. O alumnado que acade a **promoción de curso con algunha área con cualificación negativa** recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase o curso anterior.

3. O alumnado que non acade a promoción **permanecerá un ano máis no mesmo curso.**

A permanencia no mesmo curso considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfase curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, **o equipo docente organizará un plan específico de reforzo** para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias clave correspondentes. A decisión de permanencia no mesmo curso só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas titoras legais, e terá, en todo caso, carácter excepcional.

4. Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias clave de cada alumna ou alumno, no cal indique, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo ou na etapa seguinte
5. Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumna ou alumno disporá ao finalizar a etapa dun informe sobre a súa evolución e o grao de desenvolvemento das competencias clave.
6. A consellería con competencias en materia de educación establecerá as características dos **informes finais de ciclo e etapa** a que se refiren os números 4 e 5 anteriores

Artigo 23. Avaliación de diagnóstico

No cuarto curso de educación primaria, todos os centros docentes realizarán unha avaliación de diagnóstico das competencias clave adquiridas polo seu alumnado, segundo dispoña a consellería con competencias en materia de educación. Esta avaliación terá carácter informativo, formativo e orientador para os centros docentes, para o profesorado, para o alumnado e as súas familias ou persoas titoras legais, e para o conxunto da comunidade educativa. Esta avaliación, de carácter censual, terá como marco de referencia o establecido de acordo co artigo 144.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

Artigo 24. Dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva

Co fin de garantir o dereito das alumnas e dos alumnos a que a súa dedicación, o seu esforzo e o seu rendemento sexan valorados e recoñecidos conforme criterios de plena obxectividade, os centros docentes adoptarán as medidas precisas para **facen públicos** e comunicarlles ás nais, aos pais ou ás persoas titoras legais os **criterios de avaliación, os instrumentos de avaliación e os criterios de promoción** que, en todo caso, atenderán ás características da avaliación dispostas na lexislación vixente e, en particular, ao carácter global, continuo e formativo da avaliación nesta etapa.

Artigo 25. Participación e dereito á información de nais, pais ou persoas titoras legais

1. De conformidade co establecido no artigo 4.2.e) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, e no artigo 24 do Real decreto 157/2022, do 1 de marzo, e de acordo coas previsións da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, as nais, os pais ou as persoas titoras legais deberán participar e apoiar a evolución do proceso educativo das súas fillas, dos seus fillos ou das persoas que tutelen, así como coñecer as decisións relativas á súa avaliación e á promoción, colaborar nas medidas de apoio ou reforzo que adopten os centros docentes para facilitar o seu progreso educativo e terán acceso aos documentos oficiais de avaliación e ás probas e aos documentos das avaliacións que se lles realicen ás súas fillas, aos seus fillos ou ás persoas tuteladas, na parte referida á alumna ou ao alumno de que se trate, sen prexuízo do respecto ás garantías establecidas na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais; no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE, e demais normativa aplicable en materia de protección de datos de carácter persoal. Para esta finalidade, o acceso ás actas de avaliación poderá substituírse por un boletín individualizado coa información da acta referida á alumna ou ao alumno de que se trate.

2. Igualmente, os centros docentes promoverán **compromisos educativos** coas nais, cos pais ou coas persoas titoras legais do seu alumnado en que se consignen as actividades que as persoas integrantes da comunidade educativa se comprometen a desenvolver para facilitar o progreso académico do alumnado

Artigo 26. Documentos e informes de avaliación

1. Na educación primaria, os documentos oficiais de avaliación son as **actas de avaliación, o expediente académico, o historial académico, o informe final de etapa** e, de ser o caso, **o informe persoal por traslado**
2. O historial académico e, de ser o caso, o informe persoal por traslado considéranse documentos básicos para garantir a mobilidade do alumnado por todo o territorio nacional.
3. Os documentos oficiais de avaliación deberán recoller sempre a norma que establece o currículo correspondente. Cando teñan que producir efecto fóra do ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, observarase o disposto no artigo 15.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
4. A custodia e o arquivamento dos documentos oficiais de avaliación correspóndenlles aos centros docentes en que se realizan os estudos. O labor de cubrir e custodiar estes documentos será supervisado pola Inspección educativa.

Artigo 27. Actas de avaliación

2. Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de insuficiente (IN) para as cualificacións negativas e suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) ou sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles, con carácter informativo, unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez.
3. No caso dos **ámbitos** que integren distintas áreas, o resultado da avaliación expresarase mediante unha única cualificación, sen prexuízo dos procedementos que poidan establecerse para manter informados da súa evolución nas diferentes áreas a alumna ou o alumno e as súas nais, os seus pais ou as súas persoas titoras legais.
4. As actas de avaliación serán asinadas pola persoa que exerza a titoría do grupo e levarán o visto e prace da directora ou do director do centro.

Artigo 31. Informe persoal por traslado

1. Cando unha alumna ou un alumno se traslade a outro centro antes de finalizar a etapa para proseguir os seus estudos, o centro de orixe remitirá ao de destino, por petición deste, unha copia do historial académico e o informe persoal por traslado. O centro receptor abrirá o correspondente expediente académico. A matrícula adquirirá carácter definitivo unha vez recibida a copia do historial académico.

2. O informe persoal por traslado conterá os resultados das avaliacións que se realizasen, as medidas curriculares e organizativas que, de ser o caso, foran aplicadas e todas as observacións que se consideren oportunas sobre o progreso xeral da alumna ou do alumno.



Disposición adicional segunda. Ensinanzas de Relixión e Proxecto Competencial

2. A consellería con competencias en materia de educación garantirá que, ao comezo do curso, as nais, os pais ou as persoas titoras legais poidan manifestar a súa vontade de que as súas fillas, os seus fillos ou as persoas que tutelen reciban ou non ensinanza de relixión.

3. Os centros docentes disporán as medidas organizativas para que as alumnas e os alumnos cuxas nais, pais ou persoas titoras legais non optasen por que cursen ensinanzas de relixión reciban a debida atención educativa. Esta atención planificarase e programarase polos centros docentes a través da área de Proxecto Competencial, cuxo currículo será o que se recolle no anexo II deste decreto, que se dirixe ao desenvolvemento das competencias transversais a través da realización de proxectos significativos para o alumnado e da resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade, e que poderá configurarse a modo de traballo monográfico ou proxecto interdisciplinario ou de colaboración cun servizo á comunidade. En todo caso, as actividades propostas nesta área irán dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre os diferentes saberes.

As actividades a que se refire este punto en ningún caso comportarán a aprendizaxe de contidos curriculares asociados ao coñecemento do feito relixioso nin a ningunha área da etapa.

A atribución docente do Proxecto Competencial correspóndelle ao profesorado de calquera das especialidades

6. Co fin de garantir o principio de igualdade e a libre concorrancia entre todo o alumnado, as cualificacións que se obtiveron na avaliación das ensinanzas de Relixión e do Proxecto Competencial non se computarán nas convocatorias en que deban entrar en concorrancia os expedientes académicos.

DECRETO

156/2022

Educación Secundaria Obligatoria

Decreto 156/2022

Artigo 3. A etapa de educación secundaria obrigatoria

1. A educación secundaria obrigatoria é unha etapa educativa que constitúe, xunto coa educación primaria e os ciclos formativos de grao básico, a educación básica.
2. A educación secundaria obrigatoria comprende catro cursos e organízase en materias e en ámbitos.
3. O cuarto curso terá carácter orientador, tanto para os estudos postobrigatorios como para a incorporación á vida laboral.

Educación Secundaria Obligatoria

Decreto 156/2022

Artigo 5. Principios xerais

1. A educación secundaria obrigatoria ten carácter obrigatorio e gratuíto, e en réxime ordinario cursarase, con carácter xeral, entre os doce e os dezaseis anos de idade, aínda que as alumnas e os alumnos terán dereito a permanecer na etapa ata os dezoito anos de idade feitos no ano en que finalice o curso. Este límite de permanencia poderase ampliar de maneira excepcional nos supostos a que se refiren os artigos 25.7 e 25.8.

2. Nesta etapa prestarase especial atención á orientación educativa e profesional do alumnado. Neste ámbito incorporarase, entre outros aspectos, a perspectiva de xénero.

Así mesmo, teranse en conta as necesidades educativas específicas do alumnado con discapacidade ou que se encontre en situación de vulnerabilidade.

Educación Secundaria Obligatoria

Decreto 156/2022

Artigo 6. Currículo

1. De conformidade co artigo 6.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, o conxunto de obxectivos, competencias, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación da educación secundaria obrigatoria constitúe o currículo desta etapa.

- a) **Obxectivos da etapa**: logros ...
- b) **Competencias clave**: desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito ...
- c) **Perfil de saída**: concreción dos principios e fins do sistema educativo referidos á educación básica que fundamenta o resto de decisións curriculares.
- d) **Obxectivos de materia ou ámbito**: desempeños que o alumnado debe poder desprezar en actividades ou en situacións cuxa abordaxe require as aprendizaxes asociadas aos contidos de cada área ou ámbito...
- e) **Criterios de avaliación**: referentes que indican os niveis de desempeño esperados..
- f) **Contidos**: coñecementos, destrezas e actitudes propios dunha área ou dun ámbito e cuxa aprendizaxe é necesaria para adquirir o nivel de desempeño indicado nos criterios de avaliación e para o logro dos obxectivos da materia ou ámbito.
- g) **Orientacións pedagóxicas**: indicacións para orientar o profesorado..

Educación Secundaria Obligatoria

Decreto 156/2022

Artigo 9. Organización dos tres primeiros cursos.

En todos os cursos:

Bioloxía e Xeoloxía e/ou Física e Química.

Educación Física.

Educación Plástica, Visual e Audiovisual e/ou Música

Lingua Castelá e Literatura.

Lingua Galega e Literatura.

Lingua Estranxeira.

Matemáticas.

Segunda lingua Estranxeira.

Tecnoloxía e Dixitalización

Xeografía e Historia.

*En 3º: - Educación en Valores Cívicos e Éticos

- Unha optativa entre: Cultura Clásica, Educación Dixital, Oratoria, Segunda Lingua Estranxeira.

- En 1º e 2º os centros disporán de 2 sesións lectivas de libre disposición
- Os centros, **nos tres primeiros cursos**, poderán establecer agrupacións de áreas en ámbitos.



Educación Secundaria Obligatoria

Decreto 156/2022

Artigo 10. Organización do cuarto curso

Educación Física.

Lingua Castelá e Literatura.

Lingua Estranxeira.

Tres materias de opción entre:

 Bioloxía e Xeoloxía.

 Dixitalización.

 Economía e Emprendemento.

 Expresión Artística.

 Física e Química.

Lingua Galega e Literatura.

Matemáticas A ou Matemáticas B

Xeografía e Historia.

Formación e Orientación Persoal e Profesional

Latín

Música

Segunda Lingua Estranxeira

Tecnoloxía

Unha materia optativa de entre:

 Cultura Clásica, se non foi cursada en 3º

 Filosofía

 Oratoria, se non foi cursada en 3º

 Unha materia de opción non cursada das enumeradas.

Educación Secundaria Obligatoria

Decreto 156/2022

15.2. A concreción curricular da etapa incluirá, como mínimo:

- a) A adecuación dos obxectivos da etapa ao contexto do centro.
- b) A contribución á adquisición das competencias clave.
- c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais.
- d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía.
- e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e os recursos didácticos.
- f) Os criterios de oferta educativa, agrupamentos en ámbitos, itinerarios e optatividade, de ser o caso.
- g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias.
- h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo para o alumnado que acade a promoción con materias ou ámbitos pendentes de cursos anteriores.
- i) Os criterios para o deseño dos plans específicos personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso.
- j) Os criterios xerais para a avaliación, a promoción e a titulación.
- k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso.
- l) As decisións e os criterios xerais para a elaboración e a avaliación das programacións didácticas.
- m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas.
- n) O procedemento para a revisión, a avaliación e a modificación da concreción curricular.

Educación Secundaria Obligatoria

Decreto 156/2022

Artigo 16. Programacións didácticas

1. Os centros docentes desenvolverán o currículo das ensinanzas de educación secundaria obrigatoria mediante a elaboración das correspondentes programacións didácticas para cada una das materias ou ámbitos seguindo as decisións e criterios xerais establecidas na concreción curricular, e tendo en conta o disposto nos correspondentes regulamentos orgánicos². As programacións didácticas das materias ou dos ámbitos das ensinanzas de educación secundaria obrigatoria incluírán, como mínimo, os seguintes elementos:

- a) Introducción.
- b) Obxectivos da materia e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave.
- c) Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da materia que se traballará, coa súa secuenciación e temporización.
- d) Metodoloxía.
 - Concrecións metodolóxicas
 - Materiais e recursos didácticos.
- e) Avaliación.
 - Procedemento para a avaliación inicial.
 - Criterios de cualificación, con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da materia ou do ámbito, e criterios de recuperación.
 - Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

Educación Secundaria Obligatoria

Decreto 156/2022

f) Medidas de atención á diversidade.

g) Transversal.

- Concreción dos elementos transversais.

- Actividades complementarias.

h) Práctica docente.

- Procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.

- Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

3. O equipo docente realizará o seguimento das programacións didácticas de cada materia ou ámbito, con indicación do seu grao de cumprimento e, en caso de desviacións, cunha xustificación razoada

Educación Secundaria Obligatoria

Decreto 156/2022

Artigo 17. Principios pedagógicos

- 1. Na educación secundaria obrigatoria os centros docentes elaborarán as súas propostas pedagóxicas para todo o alumnado atendendo á súa diversidade, e poñerase especial énfase en garantir a prevención de dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzo e flexibilización, alternativas metodolóxicas ou outras medidas adecuadas tan pronto como se detecte calquera destas situacións.
- 3. Co obxecto de fomentar a integración das competencias clave, os centros docentes dedicarán un tempo do horario lectivo, nos termos recollidos na súa concreción curricular, á realización de proxectos significativos e relevantes para o alumnado e á resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- 5. Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos e aos criterios de avaliación similares nas distintas materias lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua

Educación Secundaria Obligatoria

Decreto 156/2022

Artigo 19. Coordinación entre etapas

Para garantir a continuidade do proceso de formación e unha transición e evolución positiva desde a educación primaria á educación secundaria obrigatoria, e desde esta á educación secundaria postobrigatoria, os centros docentes establecerán mecanismos para a coordinación entre as diferentes etapas.



Educación Secundaria Obligatoria

Decreto 156/2022

Artigo 20. Tutoría e orientación

3. As persoas titoras informarán regularmente as nais, os pais ou as persoas titoras legais do seu alumnado sobre o proceso educativo das súas fillas, dos seus fillos ou das persoas que tutelen. Esta información subministrarase, como mínimo, cunha periodicidade trimestral e incluírá as cualificacións obtidas en cada materia ou ámbito.

5. Ao finalizar o segundo curso entregaráselles ás nais, aos pais ou ás persoas titoras legais de cada alumna ou alumno un consello orientador. Este consello incluírá un informe sobre o grao de logro dos obxectivos da etapa e de adquisición das competencias clave correspondentes, así como unha proposta a nais, pais ou persoas titoras legais, ou, de ser o caso, á alumna ou ao alumno, da opción que se considere máis adecuada para continuar a súa formación, que poderá incluír a incorporación a un programa de diversificación curricular ou, excepcionalmente, a un ciclo formativo de grao básico.

6. Igualmente, ao finalizar a etapa ou, de ser o caso, ao concluír a súa escolarización obrigatoria, todo o alumnado recibirá un consello orientador individualizado, que se entregará ás nais, aos pais ou ás persoas titoras legais das alumnas ou dos alumnos, ou á propia alumna ou ao alumno, no caso de que sexa maior de idade, que incluírá unha proposta sobre a opción ou as opcións académicas, formativas ou profesionais que se consideran máis convenientes. Este consello orientador terá por obxecto que todo o alumnado atope unha opción adecuada para o seu futuro formativo.

7. Ademais de nos casos anteriores, cando o equipo docente considere conveniente propor a nais, pais ou persoas titoras legais, ou á alumna ou ao alumno, a súa incorporación a un ciclo formativo de grao básico ou a un programa de diversificación curricular, nalgún outro curso en que resulte de aplicación, a devandita proposta formularase a través dun consello orientador que se emitirá con esa única finalidade.

Educación Secundaria Obligatoria

Decreto 156/2022

Artigo 21. Atención á diversidade

1. Na etapa da educación secundaria obrigatoria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade, e para evitar a permanencia nun mesmo curso.

Correspóndelle á consellería con competencias en materia de educación regular as medidas de atención á diversidade, organizativas e curriculares que lles permitan aos centros, no exercicio da súa autonomía, unha **organización flexible das ensinanzas** adecuada ás características do seu alumnado. Entre esas **medidas** teranse en conta as adaptacións do currículo, a **integración de materias en ámbitos**, os **agrupamentos flexibles**, os **desdobramentos de grupos**, a **exención da Segunda Lingua Estranxeira**, a **oferta de materias optativas**, os **programas de reforzo** e as **medidas de apoio personalizado para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo**.

Poderanse realizar **adaptacións curriculares e organizativas** co fin de que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais. En particular, favorecerase a flexibilización e o emprego de alternativas metodolóxicas no ensino e na avaliación da lingua estranxeira para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo que presente dificultades na súa comprensión e expresión. Estas adaptacións en ningún caso se terán en conta para minorar as cualificacións obtidas.



Educación Secundaria Obligatoria

Decreto 156/2022

4. A identificación e a valoración do alumnado con necesidade específica de apoio educativo e, de ser o caso, a intervención educativa derivada desa valoración realizaranse da forma máis temperá posible, nos termos que determine a consellería con competencias en materia de educación

5. A consellería con competencias en materia de educación establecerá as condicións de accesibilidade e deseño universal e os recursos de apoio, humanos e materiais, que favorezan o acceso ao currículo do alumnado con necesidades educativas especiais, e da adaptación dos instrumentos e, de ser o caso, dos tempos e apoios que aseguren unha correcta avaliación deste alumnado. Así mesmo, establecerá os procedementos oportunos cando sexa necesario realizar adaptacións que se afasten significativamente dos criterios de avaliación e dos contidos do currículo, co fin de dar resposta a este alumnado que as precise, buscando permitirlle o máximo desenvolvemento posible das competencias clave.



Artigo 22. Programas de diversificación curricular

1. Os programas de diversificación curricular consisten nunha modificación e nunha adaptación do currículo desde o terceiro curso de educación secundaria obrigatoria e están orientados á consecución do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria por parte do **alumnado que presente dificultades relevantes de aprendizaxe** e para o cal, tras **ter recibido medidas de atención á diversidade nos dous primeiros cursos da etapa**, se considere que **é a medida máis axeitada para a obtención do dito título**, nos termos que estableza a consellería con competencias en materia de educación.
2. Os programas de diversificación curricular terán **dous cursos de duración** correspondentes ao terceiro e ao cuarto cursos da educación secundaria obrigatoria.

Educación Secundaria Obligatoria

Decreto 156/2022

3. O equipo docente poderá propoñer a incorporación a este programa do alumnado a que se refire o punto 1 deste artigo que se encuentre nalguna das seguintes situacións:

a) Ter cursado o **segundo curso da educación secundaria** obrigatoria e non estar en condicións de acadar a promoción a terceiro.

b) Ter cursado o **terceiro curso da educación secundaria obrigatoria** e non estar en condicións de acadar a promoción a cuarto. Para estes efectos, o alumnado que non poida repetir o terceiro curso poderá incorporarse ao segundo curso do programa de diversificación curricular correspondente ao cuarto curso da educación secundaria obrigatoria.

4. Excepcionalmente, o equipo docente poderá propoñer a incorporación ao segundo curso do programa de diversificación curricular correspondente ao cuarto curso da educación secundaria obrigatoria do alumnado a que se refire o punto 1 deste artigo que teña que repetir o cuarto curso da educación secundaria obrigatoria.

Educación Secundaria Obligatoria

Decreto 156/2022

5. Os programas de diversificación curricular incluírán **dous ámbitos específicos**:

a) O ámbito Lingüístico e Social, que inclúe os aspectos básicos do currículo das materias de Lingua Castelá e Literatura, Lingua Estranxeira, Lingua Galega e Literatura e Xeografía e Historia.

b) O ámbito Científico-Tecnolóxico, que inclúe os aspectos básicos do currículo das materias de Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química e Matemáticas.

Estes programas incluírán tamén o resto de materias do terceiro e do cuarto cursos da educación secundaria obrigatoria establecidas nos artigos 9 e 10 non incluídas nos ámbitos específicos, que o alumnado cursará con carácter xeral nun grupo ordinario.

Educación Secundaria Obligatoria

Decreto 156/2022

Artigo 23. Ciclos formativos de grao básico

1. Os ciclos formativos de grao básico irán dirixidos preferentemente a quen presente maiores posibilidades de aprendizaxe e de alcanzar as competencias clave da educación secundaria obrigatoria nunha contorna vinculada ao mundo profesional, velando para evitar a segregación do alumnado por razóns socioeconómicas ou doutra natureza, co obxectivo de preparalo para a continuación da súa formación.
2. A norma que regule os ciclos formativos de grao básico no ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia, ademais de establecer os currículos dos ámbitos en que se organicen as ensinanzas, establecerá as condicións en que os equipos docentes poidan propoñer a nais, a pais ou a persoas titoras legais do alumnado, ou á propia alumna ou alumno, a través do correspondente consello orientador, a súa incorporación a un ciclo formativo de grao básico cando o perfil académico e vocacional da alumna ou do alumno así o aconselle.

Educación Secundaria Obligatoria

Decreto 156/2022

Artigo 24. Avaliación

3. No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición do nivel competencial necesario para continuar o proceso educativo. Na avaliación, promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe, que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado, garantíndose, así mesmo, que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

7. Con independencia do seguimento realizado ao longo do curso, o equipo docente, coordinado pola titora ou polo titor do grupo, valorará de forma colexiada o progreso do alumnado nunha única sesión de avaliación, que terá lugar ao finalizar o período lectivo do curso académico.

Educación Secundaria Obligatoria

Decreto 156/2022

Artigo 25. Promoción

1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado,
2. Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:
 - a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
 - b) Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.
 - c) Que o equipo docente considere que as materias ou os ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.
 - d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
 - e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

Educación Secundaria Obligatoria

Decreto 156/2022

3. O alumnado que acade a promoción de curso con materias ou ámbitos sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias ou ámbitos, destinado á súa recuperación e á súa superación.

Este alumnado deberá superar as avaliacións correspondentes aos devanditos plans, de acordo co disposto pola consellería con competencias en materia de educación. Esta circunstancia será tida en conta para os efectos de promoción e titulación previstos neste artigo e no seguinte.

Non o alumnado do PDC

Educación Secundaria Obligatoria

Decreto 156/2022

5. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso.

A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno. En todo caso, a permanencia no mesmo curso planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao afondamento nas aprendizaxes xa adquiridas. Estas condicións recolleranse nun plan específico personalizado con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado.

Nos programas de diversificación curricular, as decisións sobre a permanencia neles un ano máis adoptaranse exclusivamente á finalización do segundo ano do programa.

7. En todo caso, a alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. De xeito excepcional, poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias clave establecidas para a etapa. Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade a que se refire o artigo 5.1.

8. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, a escolarización do alumnado de necesidades educativas especiais na etapa de educación secundaria obrigatoria en centros ordinarios poderá prolongarse un ano máis, sempre que iso favoreza a adquisición das competencias clave establecidas e a consecución dos obxectivos xerais da etapa.

Educación Secundaria Obligatoria

Decreto 156/2022

Artigo 26. Título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, obterá o título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou os ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirira as competencias clave establecidas no perfil de saída.
- c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

Para estes efectos, nos criterios de titulación establecidos polos centros docentes non se poderán fixar número nin tipoloxía de materias non superadas.

3. O título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria será único e expedirase sen cualificación

Educación Secundaria Obligatoria

Decreto 156/2022

5. O **alumnado** que, logo de finalizado o proceso de avaliación do cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, **non obteña o título e supere os límites de idade** establecidos no artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, tendo en conta así mesmo a prolongación excepcional da permanencia na etapa que prevé a propia lei no artigo 28.5, poderao facer nos dous cursos seguintes a través da **realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias ou dos ámbitos que non superase**, de acordo co currículo establecido neste decreto e nos termos que dispoña a consellería con competencias en materia de educación.

6. De conformidade co establecido no artigo 25.7 do Real decreto 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación secundaria obrigatoria, a superación da totalidade dos ámbitos incluídos nun ciclo formativo de grao básico conducirá á obtención do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria.

Educación Secundaria Obligatoria

Decreto 156/2022

Artigo 27. Avaliación de diagnóstico

No segundo curso de educación secundaria obrigatoria todos os centros docentes realizarán unha avaliación de diagnóstico das competencias clave adquiridas polo seu alumnado, segundo dispoña a consellería con competencias en materia de educación. Esta avaliación terá carácter informativo, formativo e orientador para os centros docentes, para o profesorado, para o alumnado e as súas familias ou persoas titoras legais, e para o conxunto da comunidade educativa. Esta avaliación, de carácter censual, terá como marco de referencia o establecido de acordo co artigo 144.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio

Educación Secundaria Obligatoria

Decreto 156/2022

Artigo 31. Actas de avaliación

1. As actas de avaliación expediranse para cada un dos cursos e pecharanse ao termo do período lectivo. Comprenderán, polo menos, a relación nominal do alumnado que compón o grupo xunto cos resultados da avaliación das materias ou ámbitos, e as decisións sobre promoción e permanencia.

2. Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de «insuficiente» (IN) para as cualificacións negativas, e «suficiente» (SU), «ben» (BE), «notable» (NT) ou «sobresaliente» (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles, con carácter informativo, unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

- Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.
- Suficiente: 5.
- Ben: 6.
- Notable: 7 ou 8.
- Sobresaliente: 9 ou 10

A consellería con competencias en materia de educación poderá arbitrar procedementos para outorgar unha mención honorífica ou matrícula de honra ás alumnas e aos alumnos que demostren un rendemento académico excelente na etapa para a cal se outorga.

3. No caso dos ámbitos que integren distintas materias, o resultado da avaliación expresarase mediante unha única cualificación, sen prexuízo dos procedementos que poidan establecerse para manter informados da súa evolución nas diferentes materias a alumna ou o alumno e as súas nais, os seus pais ou as súas persoas titoras legais.

Educación Secundaria Obligatoria

Decreto 156/2022

Disposición adicional segunda. Enseñanzas de relixión e Proxecto Competencial

3. Os centros docentes disporán as medidas organizativas para que as alumnas e os alumnos cuxas nais, pais ou persoas titoras legais non optasen por que cursen ensinanzas de relixión reciban a debida atención educativa. Esta atención será planificada e programada polos centros docentes a través da materia de Proxecto Competencial, cuxo currículo será o que se recolle no anexo II, que se dirixe ao desenvolvemento das competencias transversais a través da realización de proxectos significativos para o alumnado e da resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade, e que poderá configurarse a modo de traballo monográfico ou proxecto interdisciplinario ou de colaboración cun servizo á comunidade. En todo caso, as actividades propostas nesta materia irán dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinaria e a conexión entre os diferentes saberes.

As actividades a que se refire este punto en ningún caso comportarán a aprendizaxe de contidos curriculares asociados ao coñecemento do feito relixioso nin a ningunha materia da etapa.

A atribución docente do Proxecto Competencial correspóndelle ao profesorado de calquera das especialidades do corpo de catedráticas e catedráticos de ensino secundario ou do corpo de profesorado de ensino secundario.

Educación Secundaria Obligatoria

Decreto 156/2022

Disposición adicional cuarta. Educación de persoas adultas

1. De acordo co disposto no artigo 68.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, as persoas adultas que queiran adquirir as competencias e os coñecementos correspondentes á educación secundaria obrigatoria contarán cunha oferta adaptada ás súas condicións e necesidades, que se rexerá polos principios de igualdade de oportunidades, non-discriminación, accesibilidade universal, mobilidade e transparencia, e poderá desenvolverse a través do ensino presencial e semipresencial, e tamén mediante a educación a distancia.

7. A superación de todos os ámbitos dará dereito á obtención do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria. Así mesmo, o equipo docente poderá propoñer para a expedición do dito título aquelas persoas que, aínda non superando algún dos ámbitos, se considere que conseguiron globalmente os obxectivos xerais da formación básica das persoas adultas. Nesta decisión teranse en conta as posibilidades formativas e de integración na actividade académica e laboral de cada alumna ou alumno.

Educación Secundaria Obligatoria

Decreto 156/2022

Disposición adicional sexta. Simultaneidade de estudos

No marco do establecido neste decreto, a consellería con competencias en materia de educación facilitará a posibilidade de cursar simultaneamente as ensinanzas artísticas profesionais e a educación secundaria obrigatoria. Con este fin, poderanse adoptar as oportunas medidas de organización e de ordenación académica que inclúan, entre outras, as **validacións entre materias**.

DECRETO

157/2022

Artigo 3. A etapa de bacharelato

1. A educación secundaria divídese en educación secundaria obrigatoria e educación secundaria postobrigatoria.
2. O bacharelato é unha das ensinanzas que conforman a educación secundaria postobrigatoria, xunto coa formación profesional de grao medio, as ensinanzas artísticas profesionais, tanto de música e de danza como de artes plásticas e deseño de grao medio, e as ensinanzas deportivas de grao medio.
3. Sen prexuízo do previsto no artigo 12, a etapa comprende dous cursos, desenvólvese en modalidades diferentes e organízase de modo flexible en materias comúns, materias específicas de modalidade e materias optativas, coa finalidade de que poida ofrecer unha preparación especializada ás alumnas e aos alumnos.

Artigo 5. Principios xerais

1. Poderá acceder aos estudos de bacharelato quen estea en posesión do título de:
 - a) Graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria.
 - b) Técnica ou técnico de formación profesional.
 - c) Técnica superior ou técnico superior de formación profesional.
 - d) Técnica ou técnico de Artes Plásticas e Deseño.
 - e) Técnica superior ou técnico superior de Artes Plásticas e Deseño.
 - f) Técnica deportiva ou técnico deportivo.
 - g) Técnica deportiva superior ou técnico deportivo superior.
2. As alumnas e os alumnos poderán permanecer cursando bacharelato en réxime ordinario durante catro anos, consecutivos ou non.

Artigo 6. Currículo

1. De conformidade co artigo 6.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, o conxunto de obxectivos, competencias, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación da educación secundaria obrigatoria constitúe o currículo desta etapa.

- a) **Obxectivos da etapa:** logros ...
- b) **Competencias clave:** desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito ...
- c) **Obxectivos de materia:** desempeños que o alumnado debe poder despregar en actividades ou en situacións cuxa abordaxe require as aprendizaxes asociadas aos contidos de cada materia...
- d) **Criterios de avaliación:** referentes que indican os niveis de desempeño esperados...
- e) **Contidos:** coñecementos, destrezas e actitudes propios dunha área ou dun ámbito e cuxa aprendizaxe é necesaria para adquirir o nivel de desempeño indicado nos criterios de avaliación e para o logro dos obxectivos da materia.
- f) **Orientacións pedagóxicas:** indicacións para orientar o profesorado...

Artigo 9. Organización xeral

1. As modalidades e, de ser o caso, as vías de bacharelato que poderán ofrecer os centros docentes autorizados serán as seguintes:

- a) Artes, na vía de Artes Plásticas, Imaxe e Deseño.
- b) Artes, na vía de Música e Artes Escénicas.
- c) Ciencias e Tecnoloxía.
- d) Humanidades e Ciencias Sociais.
- e) Xeral.

LOMLOE

PRIMEIRO DE BACHARELATO

SESIÓNS/CURSO					
MODALIDADE CIENCIA E TECNOLOXÍA	MODALIDADE HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	MODALIDADE XERAL	MODALIDADE ARTES		
			VÍA MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS	VÍA ARTES PLÁSTICAS, IMAXE E DESEÑO	
Lingua Galega e Literatura I	3	Lingua Galega e Literatura I	3	Lingua Galega e Literatura I	3
Lingua Castelá e Literatura I	3	Lingua Castelá e Literatura I	3	Lingua Castelá e Literatura I	3
1ª Lingua Estranxeira I	3	1ª Lingua Estranxeira I	3	1ª Lingua Estranxeira I	3
Filosofía	3	Filosofía	3	Filosofía	3
Educación Física	3	Educación Física	3	Educación Física	3
Matemáticas I	4	Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais I / Latín I	4	Análise Musical I / Artes escénicas I	4
Relixión / Disposición de centro	1	Relixión / Disposición de centro	1	Relixión / Disposición de centro	1
Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais	8	Economía, Emprendemento e Actividade Empresarial	8	Coro e Técnica Vocal I	8
Tecnoloxía e Enxeñaría I		Economía		Linguaxe e Práctica Musical	
Debuxo Técnico I		Historia do Mundo Contemporáneo	8	Cultura Audiovisual	
Física e Química		Literatura Universal		Análise Musical I / Artes escénicas I	
Optativa	4	Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais I / Latín I		Debuxo Técnico aplicado ás Artes Plásticas e ao Deseño I	
TOTAIS	32	Optativa	4	Optativa	4
		TOTAIS	32	TOTAIS	32

OPTATIVAS AUTONÓMICAS

Anatomía aplicada Cultura científica Antropoloxía 2ª Lingua estranxeira I
Literatura Galega do SXX e a Actualidade Tecnoloxías da Información e Comunicación I

LOMLOE

SEGUNDO DE BACHARELATO

SESIÓNS/CURSO					
MODALIDADE CIENCIA E TECNOLOXÍA	MODALIDADE HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	MODALIDADE XERAL	MODALIDADE ARTES		
			VÍA MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS	VÍA ARTES PLÁSTICAS, IMAXE E DESEÑO	
Lingua Galega e Literatura II	3	Lingua Galega e Literatura II	3	Lingua Galega e Literatura II	3
Lingua Castelá e Literatura II	3	Lingua Castelá e Literatura II	3	Lingua Castelá e Literatura II	3
1ª Lingua Estranxeira II	3	1ª Lingua Estranxeira II	3	1ª Lingua Estranxeira II	3
Historia de España	3	Historia de España	3	Historia de España	3
Historia de Filosofía	3	Historia de Filosofía	3	Historia de Filosofía	3
Matemáticas II / Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais II / Latín II	4	Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais II / Latín II	4	Análise Musical II / Artes escénicas II	4
Relixión / Disposición de centro	1	Relixión / Disposición de centro	1	Relixión / Disposición de centro	1
Bioloxía	8	Movimentos Culturais e Artísticos	8	Coro e Técnica Vocal II	8
Xeoloxía e Ciencias Ambientais		Economía e Deseño de Modelos de Negocio		Historia da Música e da Danza	
Debuxo Técnico II		Materias doutras modalidades		Fundamentos artísticos	
Física		Xeografía	4	Deseño	
Química		Historia da Arte		Debuxo Técnico aplicado ás Artes Plásticas e ao Deseño II	
Tecnoloxía e Enxeñaría II		Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais II / Latín II		Análise Musical II / Artes escénicas II	
Optativa	4	Optativa	4	Optativa	4
TOTAIS	32	Optativa	4	Optativa	4
		TOTAIS	32	TOTAIS	32

OPTATIVAS AUTONÓMICAS

Métodos estatísticos e numéricos Psicoloxía 2ª Lingua Estranxeira II
Patrimonio e Sociedade de Galicia Tecnoloxías da Información e a Comunicación II

Artigo 12. Organización do bacharelato en tres anos académicos

1. ... a consellería con competencias en materia de educación disporá as medidas que posibiliten que unha alumna ou un alumno realice o bacharelato en tres anos académicos, en réxime ordinario, sempre que as súas circunstancias persoais, permanentes ou transitorias, o aconsellen. Nestes casos considerárase a posibilidade de que o alumnado curse simultaneamente materias de ambos os cursos de bacharelato.

2. Poderá acollerse a esta medida o alumnado que se atope nalgunha das seguintes circunstancias:

- a) Que curse a etapa de maneira simultánea ás ensinanzas profesionais de Música ou de Danza.
- b) Que acredite a consideración de deportista de alto nivel ou de alto rendemento.
- c) Que requira unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar algunha necesidade específica de apoio educativo.
- d) Que alegue outras circunstancias que, a xuízo da consellería con competencias en materia de educación e nos termos que dispoña, xustifique a aplicación desta medida.

3. A consellería con competencias en materia de educación determinará a distribución que se fará das materias que compoñen o bacharelato, procurando a adecuada planificación da oferta de materias con continuidade curricular que se dispón no anexo III.



16.2. A concreción curricular da etapa incluirá, como mínimo:

- a) A adecuación dos obxectivos da etapa ao contexto do centro.
- b) A contribución á adquisición das competencias clave.
- c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais.
- d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía.
- e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e os recursos didácticos.
- f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade.
- g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias.
- h) Os criterios para o deseño dos plans de recuperación para o alumnado que acade a promoción con materias pendentes do curso anterior.
- i) Os criterios xerais para a avaliación, a promoción e a titulación.
- j) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra.
- k) As decisións e os criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas.
- l) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas.
- m) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular.

Artigo 17. Programacións didácticas

1. Os centros docentes desenvolverán o currículo das ensinanzas de bacharelato mediante a elaboración das correspondentes programacións didácticas para cada unha das materias seguindo as decisións e criterios xerais establecidos na concreción curricular, e tendo en conta o disposto nos correspondentes regulamentos orgánicos.
2. As programacións didácticas das materias das ensinanzas de bacharelato incluírán, como mínimo, os seguintes elementos:
 - a) Introducción.
 - b) Obxectivos da materia e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave.
 - c) Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da materia que se traballará, coa súa secuenciación e temporalización.
 - d) Metodoloxía.
 - Concrecións metodolóxicas.
 - Materiais e recursos didácticos.

Artigo 17. Programacións didácticas

e) Avaliación.

- Procedemento para a avaliación inicial.
- Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da materia, e criterios de recuperación.
- Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.
- Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias.

f) Medidas de atención á diversidade.

g) Transversal.

- Concreción dos elementos transversais.
- Actividades complementarias.

h) Práctica docente.

- Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.
- Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

3. O equipo docente realizará o seguimento das programacións didácticas de cada materia, con indicación do seu grao de cumprimento e, en caso de desviacións, cunha xustificación razoada.

Artigo 18. Principios pedagógicos

1. No bacharelato, os centros docentes elaborarán as súas propostas pedagóxicas para todo o alumnado atendendo á súa diversidade, e favorecerán a súa capacidade para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e promovelos, e para aplicar métodos de investigación apropiados.
2. A intervención educativa buscará desenvolver e asentar progresivamente as bases que faciliten ao alumnado unha adquisición e un desenvolvemento adecuados das competencias clave previstas. Así mesmo, a acción educativa favorecerá o traballo individual e en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación en distintos campos do saber, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, así como a transferencia e a aplicación do aprendido. Para estes efectos, teranse en conta as orientacións pedagóxicas establecidas no anexo II para cada unha das materias.
5. Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a **impartición do currículo integrado das linguas**. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos e aos criterios de avaliación similares nas distintas áreas lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

Artigo 20. Titoría e orientación

1. No bacharelato, a titoría e a orientación educativa, psicopedagóxica e profesional do alumnado, así como a preparación do seu futuro itinerario formativo, constitúen un elemento fundamental. Nese sentido, a acción titorial e a orientación acompañarán o proceso educativo individual e colectivo do alumnado.

2. Cada grupo de alumnas e alumnos terá unha profesora titora ou un profesor titor.

As persoas titoras informarán regularmente as nais, os pais ou as persoas titoras legais do seu alumnado sobre o proceso educativo das súas fillas, dos seus fillos ou das persoas que tutelen, ou o propio alumnado no caso de ser maior de idade. Esta información subministrarase, como mínimo, cunha periodicidade trimestral e incluírá as cualificacións obtidas en cada materia.

3. Coa finalidade de fomentar a igualdade efectiva entre mulleres e homes, incorporarase a perspectiva de xénero ao ámbito da orientación educativa e profesional.

4. Os centros docentes deberán informar e orientar o alumnado co fin de que a elección das modalidades, as vías e as materias ás que se refiren os artigos 9, 10 e 11 sexa a máis adecuada para os seus intereses e a súa orientación formativa e/ou profesional posterior, evitando condicionamentos derivados de estereotipos de xénero.

Artigo 21. *Atención á diversidade*

1. Na etapa de bacharelato prestarase especial atención ás alumnas e aos alumnos con necesidade específica de apoio educativo. Para estes efectos, estableceranse as alternativas organizativas e metodolóxicas, e as medidas de atención á diversidade precisas para facilitar o acceso ao currículo deste alumnado, así como as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás súas necesidades.

2. A escolarización e a atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo rexeranse polos principios de normalización e inclusión, e asegurarán a súa non discriminación e a igualdade efectiva no acceso ao sistema educativo e na permanencia nel.

Así mesmo, fomentarase a equidade e inclusión educativa, a igualdade de oportunidades e a non discriminación do alumnado con discapacidade. Para iso estableceranse as medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas de accesibilidade e deseño universal que sexan necesarias para conseguir que este alumnado poida acceder a unha educación de calidade en igualdade de oportunidades.

Artigo 21. *Atención á diversidade*

3. Os centros docentes adoptarán as medidas necesarias, nos termos establecidos pola consellería con competencias en materia de educación, para responder ás necesidades educativas concretas das súas alumnas e dos seus alumnos, tendo en conta as súas circunstancias e os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe.

Entre estas medidas estarán as de apoio educativo para o alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe. En particular, favorecerase a flexibilización e o emprego de alternativas metodolóxicas no ensino e na avaliación da lingua estranxeira, para este alumnado. Estas adaptacións en ningún caso se terán en conta para minorar as cualificacións obtidas.

4. A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais, identificado como tal segundo o procedemento e nos termos que estableza a consellería con competencias en materia de educación, poderá flexibilizarse conforme a normativa vixente, de forma que poida reducirse un curso a duración da etapa, cando se prevexa que esta é a medida máis adecuada para o desenvolvemento do seu equilibrio persoal e a súa socialización.

Artigo 22. Avaliación

2. A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua e diferenciada segundo as distintas materias, terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe. Nese sentido, o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes.

3. O profesorado de cada materia decidirá, ao termo do curso, se a alumna ou o alumno logrou os obxectivos e alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias clave correspondentes.

4. O alumnado que non supere algunha materia, logo da avaliación final do período ordinario, coa finalidade de lle facilitar a súa recuperación, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria nas datas que determine a consellería con competencias en materia de educación.

5. Na avaliación promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe, que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado e que garantan, así mesmo, que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Artigo 23. Promoción

2. As alumnas e os alumnos acadarán a promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando superen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo.

3. O alumnado que acade a promoción ao segundo curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso. Os centros docentes organizarán as consecuentes actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes no marco organizativo que estableza a consellería con competencias en materia de educación e tendo en conta que a avaliación destas materias terá que ser anterior á das materias de segundo curso.

4. As alumnas e os alumnos do primeiro curso de bacharelato que non cumpran as condicións de promoción establecidas deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade.

Artigo 23. Promoción

5. A superación das materias de segundo curso que se indican no anexo III estará condicionada á superación das correspondentes materias de primeiro curso indicadas no devandito anexo, por implicar continuidade.

Non obstante, dentro dunha mesma modalidade ou vía, o alumnado poderá matricularse da materia de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que a alumna ou o alumno cumpre as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo, nos termos que estableza a consellería con competencias en materia de educación.

En caso contrario, deberá cursar a materia de primeiro curso, que terá a consideración de materia pendente, aínda que non será computable para os efectos de modificar as condicións en que acadou a promoción a segundo.

6. As alumnas e os alumnos que ao termo do segundo curso teñan avaliación negativa nalgunhas materias poderán matricularse delas sen necesidade de cursaren de novo as materias superadas ou poderán optar, así mesmo, por repetir o curso completo. Neste último caso, non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso que a alumna ou o alumno tiverse superado previamente.

Artigo 24. Título de bacharel

2. Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.

3. Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias, agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:

a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias clave e os obxectivos vinculados a ese título.

b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.

c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.

d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que, como mínimo, se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo da cualificación final da etapa, considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.

5. Para os efectos do cálculo da nota media para o alumnado que cambia de modalidade ou de materia en segundo curso, só se terán en conta as cualificacións das materias cursadas que, como mínimo, se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata.

Artigo 25. *Obtención do título de bacharel desde outras ensinanzas*

1. O alumnado que teña o título de técnica ou técnico en formación profesional poderá obter o título de bacharel na modalidade Xeral mediante a superación das materias comúns.
2. O alumnado que teña o título de técnica ou técnico en Artes Plásticas e Deseño poderá obter o título de bacharel na modalidade de Artes mediante a superación das materias comúns.
3. Tamén poderá obter o título de bacharel na modalidade de Artes quen superase as ensinanzas profesionais de música ou de danza e supere, ademais, as materias comúns.
4. A nota que figurará no título de bacharel deste alumnado deducirase da seguinte ponderación:
 - a) O 60 % da media das cualificacións obtidas nas materias comúns do bacharelato.
 - b) O 40 % da nota media obtida nas ensinanzas mediante as que se accede á obtención do título, calculada conforme o establecido na súa normativa de ordenación correspondente.

Artigo 29. Actas de avaliación

2. Os resultados da avaliación expresaranse mediante cualificacións numéricas de cero a dez sen decimais, e consideraranse negativas as cualificacións inferiores a cinco. Cando o alumnado non se presente ás probas extraordinarias consignarase «Non presentado» (NP).
3. Nas actas de segundo curso figurará, ademais, o alumnado con materias non superadas do curso anterior e recollerase a proposta de expedición do título de bacharel, xunto coa nota media da etapa, que se calculará segundo o establecido no artigo 24.4. Neste curso expediranse actas de avaliación de materias pendentes ao termo do período lectivo ordinario e da convocatoria da proba extraordinaria.
4. Para a aplicación do previsto no punto quinto da disposición adicional primeira, farase constar ademais unha nota media normalizada, calculada sen ter en conta a cualificación da materia de Relixión.
5. A consellería con competencias en materia de educación poderá arbitrar procedementos para outorgar unha mención honorífica ou matrícula de honra ás alumnas e aos alumnos que demostren un rendemento académico excelente na etapa para a que se outorga.

Disposición adicional primeira. *Ensinanza de relixión*

3. Os centros docentes disporán, nos termos que estableza a consellería con competencias en materia de educación, as medidas organizativas para que as alumnas e os alumnos cuxas nais, pais ou persoas titoras legais, ou o propio alumnado, no caso de ser maior de idade, non optasen por cursar ensinanzas de relixión reciban, de ser o caso, a debida atención educativa. Para tal finalidade, os centros docentes contarán cunha sesión lectiva de libre disposición en cada un dos cursos do bacharelato.

6. Co fin de garantir o principio de igualdade e a libre concorrència entre todo o alumnado, as cualificacións obtidas na avaliación das ensinanzas de relixión non se computarán na obtención da nota media para os efectos de acceso a outros estudos, nin para a obtención da mención de matrícula de honra, nin nas convocatorias para a obtención de bolsas e axudas ao estudo en que deban entrar en concorrència os expedientes académicos.

Disposición adicional terceira. *Educación de persoas adultas*

2. Co fin de adaptar a oferta do bacharelato ao principio de flexibilidade que rexe a educación de persoas adultas, na oferta que realice a consellería con competencias en materia de educación para as devanditas persoas adultas non será de aplicación o disposto nos puntos 2, 3, 4 e 5 do artigo 23 (é o referido á promoción de curso).

3. As alumnas e os alumnos que cursen o bacharelato no marco da oferta específica establecida pola consellería con competencias en materia de educación para persoas adultas obterán o título sempre que obtivesen avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato, ou en todas as materias, agás unha. Neste último caso, deberanse reunir as condicións seguintes:

- a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias clave e os obxectivos vinculados a ese título.
- b)⁽¹⁾ Que non se produciu un abandono da materia por parte da alumna ou do alumno, conforme os criterios establecidos por parte dos centros no marco do disposto pola consellería con competencias en materia de educación.
- c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
- d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que, como mínimo, se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo da cualificación final da etapa, considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.

⁽¹⁾ **No artigo 24 que regula a titulación a condición 3b) para titular con materias non superadas ten unha redacción diferente:**
“Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.”

Orde do 25 de xaneiro de 2022

Orde do 25 de xaneiro de 2022

Artigo 3. *Carácter da avaliación.*

3. Co fin de garantir o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva e a que a súa dedicación, o seu esforzo e o seu rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade, estarase ao disposto na ***Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.***

Orde do 25 de xaneiro de 2022

Artigo 4. *Atención ás diferenzas individuais na avaliación*

1. Os centros aplicarán as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás circunstancias do alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Estas adaptacións en ningún caso se terán en conta para minorar as cualificacións obtidas polo alumnado. 
2. **Para permitir a valoración obxectiva de todo o alumnado promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe.**
3. Cando as circunstancias persoais da alumna ou do alumno con necesidades educativas especiais o aconsellen, para a consecución dos obxectivos do ensino básico, este alumnado poderá prolongar un curso adicional a súa escolarización. Estas circunstancias poderán ser permanentes ou transitorias e deberán estar suficientemente acreditadas polos servizos de orientación.

Orde do 25 de xaneiro de 2022

Artigo 6. *Promoción (Educación Primaria)*

1. **Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa**, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.
2. **O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.**
O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso cun plan específico de reforzo. **Para a elaboración e o seguimento do plan específico de reforzo, ao que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021.**

Orde do 25 de xaneiro de 2022

Artigo 6. *Promoción (Educación Primaria)*

5. Ao finalizar os cursos segundo e cuarto da etapa o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando no seu caso as medidas de reforzo que se deben contemplar no ciclo seguinte.
6. Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumna ou alumno disporá ao finalizar a etapa dun informe elaborado pola súa titora ou polo seu titor sobre a súa evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.



Orde do 25 de xaneiro de 2022

Artigo 7. *Avaliación (ESO)*

1. **A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe que se recollen no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.**
2. Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirlle a promoción ao seguinte curso ou a obtención do título de graduado ou graduada en ESO.
7. Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias ou dos ámbitos pendentes, se for o caso. **A derradeira destas tres avaliacións realizarase nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso.**



Orde do 25 de xaneiro de 2022

Artigo 7. *Avaliación (ESO)*

8. O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría. Nese sentido, para o alumnado que teña materias ou ámbitos con partes sen superar logo de realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un breve informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. A cualificación definitiva das materias ou dos ámbitos farase efectiva na avaliación final de curso.
10. A persoa titora recollerá en acta, para cada sesión de avaliación, as decisións e os acordos acadados referidos a cada alumna e alumno, e ao grupo no seu conxunto.
11. As decisións adoptadas polo equipo docente irán referidas á promoción e á titulación do alumnado, ás medidas de atención á diversidade e a todas as que incidan no proceso educativo do alumnado. **De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.**

Orde do 25 de xaneiro de 2022

Artigo 8. Promoción (ESO)

3. O alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.
4. **Para a elaboración e o seguimento do plan de reforzo ao que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021.**
5. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno. En todo caso, a permanencia no mesmo curso planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao afondamento nas aprendizaxes xa adquiridas. Estas condicións recolleranse nun plan específico personalizado con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado.

Orde do 25 de xaneiro de 2022

Artigo 8. *Promoción (ESO)*

6. Para a elaboración e o seguimento do plan específico personalizado ao que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021.
7. En todo caso, a alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, **e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio**. De xeito excepcional poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias establecidas para a etapa. Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade ao que se refire o artigo 4.2 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Orde do 25 de xaneiro de 2022

Artigo 9. *Consello orientador (ESO)*

Entregaráselles aos pais, ás nais ou ás persoas que teñan a tutoría legal de cada alumna ou alumno un consello orientador que incluíra un informe sobre o grao de logro dos obxectivos e de adquisición das competencias correspondentes, así como unha proposta a pais, nais ou titores ou titoras legais, ou, de ser o caso, á alumna ou ao alumno, da opción que se considere máis adecuada para continuar a súa formación:

- **Ao finalizar o 2º curso.**
- **Ao finalizar a etapa ou, de ser o caso, ao concluír a súa escolarización. Neste caso incluíra unha proposta sobre a opción ou as opcións académicas, formativas ou profesionais que se consideran máis convenientes.**
- **Cando o equipo docente estime conveniente propor a pais, nais, titores ou titoras legais, ou á alumna ou ao alumno a súa incorporación á FP básica ou a un PDC ou ao primeiro curso dun PMAR.**

Será elaborado polo profesorado tutor, logo da información recollida na sesión de avaliación final e co asesoramento do departamento de orientación.

Orde do 25 de xaneiro de 2022

Artigo 10. *Título de graduado en ESO*

3. As alumnas e os alumnos recibirán, ao concluíren a súa escolarización na ESO, unha certificación oficial na que constará o número de anos cursados e o nivel de adquisición das competencias da etapa.
4. **O alumnado que, logo de finalizado o proceso de avaliación do 4º curso de ESO, non obteña o título e supere os límites de idade establecidos no artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, tendo en conta así mesmo a prolongación excepcional da permanencia na etapa que prevé a propia lei no artigo 28.5, poderao facer nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias que non superase, de acordo co currículo establecido e coa organización e instrucións que dispoña a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.**

Orde do 25 de xaneiro de 2022

Artigo 10. *Título de graduado en ESO desde a FP básica*

A superación da totalidade dos módulos incluídos nun ciclo de formación profesional básica conducirá á obtención do título de graduado en ESO.

Artigo 11. *Matrícula de honra (ESO)*

- Nota media do 4º curso igual ou superior a nove puntos.
- Número máximo: igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no 4º curso.
- En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no 4º curso de ESO sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

Os criterios para a concesión serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos.

Orde do 25 de xaneiro de 2022

Disposición adicional primeira: *PMAR*

4. O equipo docente poderá propor que, para o curso 2022-2023, se incorpore ao 1º curso dun PMAR o alumnado que finalicen o 1º curso de ESO no curso 2021-2022 e que, repetindo algunha vez con anterioridade, non estean en condicións de promocionar, se se estima que esta medida pode resultar conveniente para o seu progreso educativo. No curso 2023-2024 este alumnado poderá incorporarse de xeito automático ao 1º curso dun PDC.

Orde do 25 de xaneiro de 2022

Artigo 13. *Avaliación (Bacharelato)*

1. A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe que se recollen no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
4. O alumnado que non supere algunha materia, logo da avaliación final do período ordinario, coa finalidade de lle facilitar a súa recuperación, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso.
6. No 2º curso, no período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata as datas de celebración das probas extraordinarias, o centro educativo organizará a impartición das clases co fin de preparar o alumnado para a realización da avaliación de acceso á universidade e das probas extraordinarias.
No 1º curso, o período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata o remate do período lectivo dedicase á preparación e á realización das probas extraordinarias, e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría.

Orde do 25 de xaneiro de 2022

Artigo 13. *Avaliación (Bacharelato)*

8. A persoa titora recollerá en acta, para cada sesión de avaliación, as decisións e os acordos acadados referidos a cada alumna e alumno, e ao grupo no seu conxunto.
9. As decisións adoptadas irán referidas á promoción e á titulación do alumnado, ás medidas de atención á diversidade e a todas as que incidan no proceso educativo do alumnado. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.



Orde do 25 de xaneiro de 2022

Artigo 14. *Promoción (Bacharelato)*

2. O alumnado acadará a promoción de 1º a 2º cando superen as materias cursadas ou teña avaliación negativa en dúas materias como máximo. Para os efectos deste apartado, só se computarán as materias que como mínimo se deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua galega e literatura, con independencia de que as alumnas e os alumnos poidan cursar máis materias do devandito bloque.
3. O alumnado que acade a promoción ao 2º curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso. Os centros educativos organizarán as consecuentes actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes tendo en conta que a avaliación destas materias terá que ser anterior á das materias de 2º curso.
4. As alumnas e os alumnos do 1º curso que non cumpran as condicións de promoción establecidas deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso completo.

Orde do 25 de xaneiro de 2022

Artigo 16. *Título de bacharel desde outras ensinanzas*

1. O alumnado que teña o título de técnica ou técnico en formación profesional poderá obter o título de bacharel pola superación das seguintes materias: Filosofía, Historia de España, Lingua castelá e literatura I e II, Lingua galega e literatura I e II, Primeira lingua estranxeira I e II.
2. Ademais das citadas no punto anterior, cumprirá que este alumnado teña superadas as seguintes materias, en función da modalidade do título que desexe obter:
 - Modalidade de Ciencias: Matemáticas I e II.
 - Modalidade de Humanidades e ciencias sociais:
 - × Itinerario de Humanidades, Latín I e II.
 - × Itinerario de Ciencias sociais, Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais I e II.
 - Modalidade de Artes: Fundamentos da arte I e II.
3. Poderá obter o título de bacharel na modalidade de Artes o alumnado que teña o título de técnica ou técnico en artes plásticas e deseño, e o alumnado que superara as ensinanzas profesionais de música ou de danza, e supere as materias establecidas no punto 1, e as correspondentes á citada modalidade conforme o punto 2.

Orde do 25 de xaneiro de 2022

Artigo 17. *Obtención do título de bacharel polo réxime para persoas adultas*

1. O alumnado que curse o bacharelato polo réxime para persoas adultas obterá o título sempre que obtivese avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos, **ou en todas as materias agás unha. Neste último caso, deberanse reunir as condicións seguintes:**
 - a) **Que o equipo docente considere que alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.**
 - b) **Que non se produciu un abandono da materia, conforme os criterios establecidos por parte dos centros no marco do disposto pola consellería.**
 - c) **Que se presentou a todas as probas e realizou todas as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.**
 - d) **Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa sexa igual ou superior a cinco.**

Orde do 25 de xaneiro de 2022

Artigo 18. *Matrícula de honra (Bacharelato)*

- Nota media do 2º curso igual ou superior a nove puntos.
- Número máximo: igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no 2º curso.
- En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no 2º curso sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

Os criterios para a concesión serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos.

Resolución do 26 de maio de 2022

Resolución do 26 de maio de 2022

2.2. Avaliación inicial.

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras semanas do curso escolar. Este proceso comprenderá, entre outras, as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

- a) Análise dos informes do curso anterior.
- b) Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación educativa co fin de tomar as decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.



Resolución do 26 de maio de 2022

2.3. Planificación.

Co fin de que todo o alumnado teña acceso ao proceso de ensino e aprendizaxe e asegurar a súa participación e implicación no desenvolvemento das accións educativas, teranse en conta os seguintes aspectos na planificación educativa:

a) **O reforzo**, a partir da información obtida ao final do curso 2021/22 e da avaliación inicial, dos elementos curriculares que determinen os equipos docentes e os departamentos didácticos, co fin de garantir a continuidade do proceso de ensino e aprendizaxe de todo o alumnado.

b) A aplicación nos reforzos de **medidas metodolóxicas e organizativas** que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado.

Entre estas medidas estarán a proposta de tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica de varias competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso das tecnoloxías da información e da comunicación como recurso didáctico, e a proposta de actividades que favorezan a autoaprendizaxe, o pensamento crítico e creativo e a investigación mediante proxectos de traballo, entre outras.

c) O emprego dunha metodoloxía didáctica que permita o deseño de **actividades educativas variadas e o uso de múltiples recursos**, ademais de ter un **carácter práctico e potenciar o traballo en equipo** e o proceso de avaliación continua.

d) Os procedementos e instrumentos de avaliación deseñaranse de forma que permitan determinar o nivel de competencia acadado polo alumnado

Resolución do 26 de maio de 2022

2.4. Servizos de orientación.

Os departamentos de orientación reforzarán as actuacións dirixidas á identificación das necesidades educativas en coordinación coas persoas titoras, as medidas e os programas para a atención destas, así como as accións dirixidas ao coidado do benestar da comunidade educativa. Estas medidas e accións concretaranse no Plan de orientación académica e profesional, no Plan de acción tutorial, na concreción anual do Plan xeral de atención á diversidade e na Programación xeral anual.

Resolución do 26 de maio de 2022

Artigo 3. Aspectos xerais na **educación infantil**

3. A dirección do centro poderá asignarlle ao profesorado que non complete as vinte e cinco horas lectivas tarefas relacionadas prioritariamente coa atención á diversidade e de apoio e reforzo para o alumnado do centro que o necesite, esta asignación poderá ser revisada unha vez realizada a avaliación inicial.

3. Os períodos lectivos organizaranse baixo presupostos de flexibilidade que lle permitan ao profesorado adecualos ás características das tarefas, de xeito que o horario estea sempre ao servizo da metodoloxía. No desenvolvemento da xornada escolar combinaranse tempos de rutinas con tempos de actividades específicas, segundo as características e as necesidades das nenas e dos nenos



Resolución do 26 de maio de 2022

Artigo 5. Aspectos xerais na **educación primaria**

2. A planificación do curso 2022/23 precisa do traballo colaborativo do profesorado de educación primaria e do profesorado de educación infantil para o desenvolvemento de programacións didácticas globalizadas, baseadas en metodoloxías que non supoñan unha ruptura abrupta respecto das empregadas durante a etapa educativa que o alumnado vén de rematar

5. A dirección do centro poderá asignarlle ao profesorado que non complete as vinte e cinco horas lectivas tarefas relacionadas prioritariamente coa atención á diversidade e de apoio e reforzo para o alumnado do centro que o necesite, esta asignación poderá ser revisada unha vez realizada a avaliación inicial.

Resolución do 26 de maio de 2022

Artigo 7. Agrupación de áreas en ámbitos

1. Os centros poderán establecer agrupacións de áreas en ámbitos no marco do establecido a este respecto neste artigo.
2. Esta organización curricular debe contribuír, desde a propia estrutura do currículo e ,desde a metodoloxía de traballo, á consecución dos seguintes obxectivos:
 - a) Consolidar e reforzar as aprendizaxes para un adecuado desenvolvemento das competencias clave da educación primaria.
 - b) Motivar o alumnado por medio de metodoloxías activas de aprendizaxe.
 - c) Promover estratexias que faciliten a coordinación e o traballo interdisciplinario dos equipos docentes que imparten clase a un mesmo grupo de alumnado.
5. A adopción desta medida realizarase a todos os grupos do nivel.
6. A constitución destas agrupacións requirirá autorización expresa do Servizo Territorial de Inspección Educativa. Para estes efectos, os centros docentes remitirán a solicitude de autorización antes do 13 de xullo.

Resolución do 26 de maio de 2022

Educación secundaria obrigatoria

Artigo 11. Exención da Segunda Lingua Estranxeira

O alumnado do primeiro curso que presente dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular nas materias lingüísticas, poderá quedar exento de cursar a materia de Segunda Lingua Estranxeira. Neste caso, recibirá reforzo educativo naqueles aspectos en que se detectasen as dificultades, logo do informe pertinente da persoa titora da etapa ou curso anterior, coa colaboración do departamento de orientación, no cal se fará explícito o motivo da medida adoptada. Nos seus documentos de avaliación figurará coa mención de exenta ou exento.

A competencia da decisión recaerá na dirección do centro docente, oídas as persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal do alumnado afectado pola medida.



Resolución do 26 de maio de 2022

Artigo 13. Agrupación de materias en ámbitos no primeiro e no terceiro curso



3. A proposta concretarase en función das características e das necesidades detectadas nos informes individuais do alumnado procedente do sexto curso da educación primaria sobre a súa evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas, ou nos consellos orientadores do alumnado procedente do segundo curso da educación secundaria obrigatoria sobre o grao de logro dos obxectivos e de adquisición das competencias correspondentes.

6. A adopción desta medida **non condiciona todos os grupos do nivel** nin tampouco obriga a agrupar todas as materias en ámbitos.

7. Cada ámbito específico será impartido por unha única profesora ou un único profesor con atribución docente nalguna das materias que forman parte do ámbito, preferentemente con destino definitivo no centro.

8. A constitución destes agrupamentos requirirá autorización expresa do Servizo Territorial de Inspección Educativa. Para estes efectos, os centros docentes remitirán a solicitude de autorización antes do 13 de xullo.

Resolución do 26 de maio de 2022

14. 11. O alumnado que acceda a un **programa de diversificación curricular** con **materias pendentes de cursos anteriores** que non estean integradas nalgún dos ámbitos do programa realizará as actividades de reforzo e de apoio que lle permitan recuperalas ao longo do desenvolvemento do programa. As materias de cursos anteriores integradas nalgún dos ámbitos consideraranse superadas se se supera o ámbito correspondente.

19. 10. O alumnado que acceda a un **programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento con materias pendentes** realizará as actividades de reforzo e de apoio que lle permitan recuperalas ao longo do desenvolvemento do programa

Resolución do 26 de maio de 2022



Artigo 20. Agrupamentos específicos no cuarto curso

1. Os centros educativos poderán organizar agrupamentos coas seguintes características:

a) Accederá, preferentemente, o alumnado que cursase o programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento que, promocionando ao cuarto curso, continúe con dificultades de aprendizaxe non motivadas pola falta de estudo ou esforzo.

b) Excepcionalmente, poderá incorporarse alumnado que repita cuarto de educación secundaria obrigatoria e siga con dificultades de aprendizaxe non motivadas pola falta de estudo ou esforzo e sempre que se cumpra coas condicións de permanencia establecidas no artigo 23 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño

Resolución do 26 de maio de 2022

- O equipo docente especificará nun informe os motivos polos que considera que esta medida é máis adecuada que as establecidas con carácter xeral no Plan de atención á diversidade.
- O alumnado cursará as materias xerais do bloque de materias troncais máis a materia de Lingua Galega e Literatura no agrupamento específico. Cursará as restantes materias co grupo ordinario de referencia.
- Os grupos non serán de menos de dez alumnas e/ou alumnos.
- Poderá realizarse unha organización curricular agrupando materias por ámbitos de coñecemento.

Resolución do 26 de maio de 2022

Artigo 21. Probas ou actividades personalizadas extraordinarias de materias non superadas de cuarto curso.

- Alumnado que finalizou 4º ESO no curso 2021/22 sen acadar o título e supera os límites de idade incluído o da prolongación da permanencia na etapa “ *poderao facer nos dous cursos seguintes titular mediantea través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias que non superase*”.
- Non estar matriculado no curso académico 2022/23 en ningunha ensinanza que permita a obtención do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria
- Solicitud no poderá solicitar, mes de maio de 2023, no centro docente onde conste o seu expediente académico da educación secundaria obrigatoria, a admisión e matrícula para a realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias que non superase.
- No centro no que se realicen as probas crearse unha comisión de avaliación
- Realización das probas ou actividades personalizadas extraordinarias no mes de xuño de 2023
- 6. Os centros docentes en que se desenvolvan as probas ou actividades personalizadas extraordinarias darán, a través dos departamentos de orientación, a información e a orientación que demanden as persoas interesadas. Para estes efectos, logo de rematado o proceso de matrícula, o equipo directivo do centro encargarse de organizar e coordinar unha xornada de acollemento para as persoas matriculadas, xunto coa orientadora ou o orientador do centro.



Resolución do 26 de maio de 2022

Artigo 25. Organización do bacharelato en tres anos académicos

- Deberá solicitalo ao formalizar a matrícula de bacharelato. A solicitude deberá ir acompañada de documento acreditativo de estar en posesión do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente, así como da acreditación dalgunha das circunstancias a que se refire o punto 1 deste artigo.
- O alumnado decide a distribución das materias que compoñen o bacharelato nos tres anos. Criterios:
 - a) 1º ano: matricularase no primeiro curso de bacharelato e cursará, como mínimo, as materias comúns do primeiro curso. Promoción a segundo de bacharelato con avaliación negativa en dúas materias como máximo.
 - b) 2º ano: de cumprir os criterios de promoción, matricularase no segundo curso de bacharelato e cursará, como mínimo, as materias comúns do segundo curso e, de ser o caso, as materias pendentes do primeiro ano.
 - c) 3º ano: matricularase no segundo curso de bacharelato e cursará as materias de modalidade e optativas do primeiro e segundo cursos do bacharelato que non cursou nos dous primeiros anos e, de ser o caso, as materias pendentes dos dous anos anteriores.
- Os DO asesorarán ao alumnado.
- 7. O alumnado que curse o bacharelato de maneira simultánea ás ensinanzas profesionais de música ou de danza poderá obter o título de bacharel na modalidade de artes ao termo do curso académico en que supere as materias comúns se acredita que superou as ditas ensinanzas de música ou de danza.



Resolución do 26 de maio de 2022

Alumnado de bacharelato co título de técnica ou técnico de Formación Profesional, Artes Plásticas e Deseño, e de Ensinanzas Profesionais de Música ou de Danza.

1º BAC: Matrícula nas materias comúns das modalidades:

- XERAL: Técnica ou técnico de Formación Profesional
- ARTES: Técnica ou técnico de Artes Plásticas e Deseño
- ARTES: Técnica ou técnico de Ensinanzas Profesionais de Música ou de Danza

2º BAC: Matrícula nas materias xerais do bloque de materias troncais da modalidade de bacharelato e da materia de Lingua Galega e Literatura:

- MODALIDADE ELIXIDA: Técnica ou técnico de Formación Profesional
- ARTES: Técnica ou técnico de Artes Plásticas e Deseño
- ARTES: Técnica ou técnico de Ensinanzas Profesionais de Música ou de Danza

O alumnado debe solicitalo no momento de formalizar a matrícula de bacharelato.

- **Cambio de paradigma**



- Conceptual
- Actitudinal
- Lingüístico

- Centro
- Profesorado/ Titores
- Familias / Asociaciones

Cambio de paradigma



Cambio de paradigma

Orde do 8 de setembro de 2021



Artigo 97. O cambio de paradigma do “non é capaz” ao “é capaz”

1. Unha verdadeira atención á diversidade lograrase cando os centros docentes, e toda a sociedade, **modifiquen vellas expresións** centradas na falta de competencia por outras centradas nas competencias de cada persoa, pois é na competencia real de cadaquén onde se asentan os novos coñecementos, as novas aprendizaxes.
2. Os departamentos de orientación deben deseñar accións que contribúan ao cambio da expresión “esta alumna ou este alumno non son capaces de” por **“esta alumna ou este alumno son capaces de”**, contribuíndo á visibilidade e á expresión en positivo do seu potencial. En consecuencia, as medidas individuais de atención á diversidade deben considerar e promover os talentos de cada alumna e de cada alumno, tanto por ser un dereito de cada persoa como polo potencial de estímulo educativo que comporta.

Cambio de paradigma

LOMLOE

“Artículo 4. O ensino básico.

3. Sen prexuízo de que ao longo do ensino básico se garanta unha educación común para todo o alumnado, adoptarase a educación inclusiva como principio fundamental, co fin de atender a diversidade das necesidades de todo o alumnado, tanto do que ten especiais dificultades de aprendizaxe como do que ten maior capacidade e motivación para aprender. Cando tal diversidade o requira, adoptaranse as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares pertinentes, segundo o disposto na presente lei, conforme os principios do deseño universal de aprendizaxe, garantindo en todo caso os dereitos da infancia e facilitando o acceso aos apoios que o alumnado requira.

Orde do 8 de setembro de 2021

Cambio de paradigma: DUA



Orde do 8 de setembro de 2021

Artigo 4. *Principios de actuación*

Os principios de actuación que contribúen a facer realidade os principios xerais establecidos no artigo 4 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, son os que seguen:

1. Por parte dos equipos directivos dos centros docentes:

a) A consideración da atención á diversidade en toda a estrutura organizativa e curricular do centro, asegurando o seu tratamento no proxecto educativo e nos plans, proxectos ou programas que o conforman. Igualmente, garantirase a promoción dos principios do deseño universal de aprendizaxe na atención educativa desa diversidade.

Artigo 44. *Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno*

1. As programacións didácticas deberán estar guiadas polo estilo pedagóxico do centro docente, articulado no seu proxecto educativo. Ese estilo pedagóxico estará definido, cando menos, pola liña metodolóxica e as culturas da inclusión, da diversidade, da coordinación, da participación, da colaboración, da tecnoloxía, da innovación, da avaliación, da recuperación e da relación co contorno e coas diferentes institucións.

2. O profesorado desenvolverá as programacións didácticas considerando o estilo pedagóxico indicado no punto anterior, o nivel de competencia curricular de cada alumna e/ou alumno e as axudas que precise, e tendo en conta os principios do deseño universal de aprendizaxe, facilitando espazos de participación para todas as alumnas e todos os alumnos.

Definición aneae

Orde do 8 de setembro de 2021

Artigo 6. Alumnado con necesidade específica de apoio educativo

De conformidade co artigo 71.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, enténdese por alumnado con necesidade específica de apoio educativo as alumnas e os alumnos que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por retraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atopárense en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por térense incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.





Barreiras



Orde do 8 de setembro de 2021

- **Artigo 7. Alumnado con necesidades educativas especiais**

1. De conformidade co artigo 73 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, enténdese por alumnado que presenta necesidades educativas especiais o que afronta **barreiras** que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, **derivadas de** discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.

- **Artigo 8. Alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural.**

2. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade **e os propios centros docentes** asegurarán a **eliminación das barreiras** que poidan limitar o acceso, a presenza, a participación ou a aprendizaxe do alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural, garantindo o acceso a unha educación inclusiva, de calidade e en igualdade de condicións co resto de alumnas e alumnos.

Alumnado con necesidade específica de apoio educativo

- Artigo 6. **Alumnado con necesidade específica de apoio educativo**
- Artigo 7. **Alumnado con necesidades educativas especiais**
- Artigo 8. **Alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural**
- Artigo 9. **Alumnado con altas capacidades intelectuais**
 - Diferencia entre a precocidade, o talento e a superdotación.
 - Capacidade intelectual igual ou superior a 130 de cociente intelectual, un alto nivel de creatividade e persistencia nas tarefas de alta complexidade intelectual ligadas ás súas áreas de interese.
 - A acreditación da alta capacidade intelectual é competencia e responsabilidade da xefatura do departamento de orientación, coa colaboración, de ser o caso, dos equipos de orientación específicos.
- Artigo 10. **Alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo**
 - Os centros docentes informarán e asesorarán as nais, os pais ou as persoas titoras legais sobre os dereitos, os deberes e as oportunidades que comporta a incorporación ao sistema educativo galego.



Principios de actuación:

- ✓ Coordinación
- ✓ Colaboración
- ✓ Prevención

Coordinación: Profesorado

Artigo 89. A coordinación entre profesorado

1. A coordinación das actividades docentes figura entre as numerosas funcións do profesorado. En consecuencia, os **centros docentes deben articular a coordinación** do seu profesorado, nun ámbito tanto vertical, a través dos **equipos de ciclo e/ou departamentos** didácticos, como horizontal, a través dos **equipos de nivel e dos equipos docentes**.

(Rexistro de actuacións)



2. A liña metodolóxica do profesorado debe considerar a realidade do alumnado, as súas necesidades, de xeito **que sexan os equipos docentes os que se adapten ás circunstancias de cada alumna e de cada alumno**. A xefatura de estudos dos centros docentes promoverá a coordinación do profesorado, dentro do respecto aos seus dereitos individuais.

Coordinación: Familias

Artigo 83. A familia como recurso

- **Deberán colaborar** na promoción da súa autonomía, do seu esforzo, da súa autoestima, do seu autoconcepto, da súa participación social, da súa vida en convivencia democrática e de todo o que contribúa ao seu desenvolvemento harmónico. Igualmente, colaborarán nos procesos da avaliación inicial e da avaliación psicopedagóxica, cando sexan requiridas.
- 2. Os centros docentes **deseñarán e desenvolverán iniciativas ou programas escola-familia** que faciliten formación e o asesoramento ás nais, aos pais ou ás persoas titoras legais do alumnado no que atinxe ao seu labor educativo e á súa colaboración e participación na vida dos propios centros.



Familias

Artigo 87. A familia como recurso

3. Considérase a **función titorial** do profesorado como o aspecto con maior potencial para a integración das familias na práctica educativa. En consecuencia, os centros docentes deben **promover as medidas** que corresponda para que as nais, os pais ou as persoas titoras legais **reciban información e asesoramento** sobre o seu labor educativo, sobre a comunicación co profesorado e sobre a súa participación na vida do centro. Na **programación xeral anual** deberán concretarse as iniciativas destinadas a esas finalidades.



Prevención

**DETECCIÓN
E
INTERVENCIÓN
TEMPERÁ**

**AVALIACIÓN
INICIAL**

Prevención: Avaliação inicial

Artigo 12.

- Avaliação inicial de todo o alumnado que se incorpore ás ensinanzas do segundo ciclo de educación infantil e a cada etapa do ensino obrigatorio.
- Realizada polo equipo docente baixo a coordinación do profesorado titor, recollerá información achegada pola nai, polo pai ou polas persoas titoras legais do alumnado e incluírá, de ser o caso, información procedente do curso ou da etapa anterior.
- No caso de que a normativa que regula a avaliación das ensinanzas do segundo ciclo de educación infantil e das etapas de ensino obrigatorio prevexa a realización da avaliación inicial neses mesmos momentos, entenderanse equivalentes esa e a que se establece neste mesmo punto.
- Asesoramento do DO.
- Informa titor co XDO sobre o procedemento de avaliación inicial.

Intervención temprá

Artigo 7.2:

O sistema educativo disporá dos **recursos necesarios** para a **detección precoz** das alumnas e dos alumnos con **necesidades educativas especiais**, temporais ou permanentes, e para que poidan acadar os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado. Para tal efecto, as Administracións educativas dotarán este alumnado do apoio preciso desde o momento da súa escolarización ou da detección da súa necesidade.



Primeira sesión

Recursos

- Materiais
- Profesionais



Recursos materiais

Artigo 78. Recursos materiais

1. Os centros docentes contarán co **equipamento material** necesario para atender as necesidades educativas da totalidade do alumnado que escolarizan. Entre ese equipamento considérase a **accesibilidade ás súas instalacións** e/ou dependencias.
2. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade dotará dos **servizos materiais complementarios adaptados o alumnado con necesidade específica de apoio educativo** que os precise. Esa necesidade deberá acreditarse nos informes e/ou ditames correspondentes, nos termos e polos procedementos dispostos nesta orde.
-  3. Os centros docentes supervisarán o uso que o alumnado fai dos servizos materiais complementarios adaptados aos que se refire o punto anterior. Os recursos que o alumnado xa non empregue, segundo se dispón no artigo 84 de esta orde, trasladaranse aos centros de educación especial da área de influencia do centro ordinario, e pasarán a formar parte do seu banco de recursos.

Recursos: Centros de EE

Artigo 84. Os centros de educación especial como centros de referencia e apoio

- Os que determine a Consellería
- Establece as funcións:
 - a) **Repositorio de material** bibliográfico e tecnolóxico especializado, así como de equipamento específico para determinadas discapacidades.
 - b) **Asesorar os centros docentes ordinarios** nas respostas educativas inclusivas para o alumnado con necesidades educativas especiais. Este asesoramento estenderase **ás nais, aos pais ou ás persoas titoras** legais dese alumnado.
 - c) **Colaborar cos centros docentes ordinarios na utilización de recursos tecnolóxicos**, especialmente no que ten que ver cos sistemas aumentativos e/ou alternativos de comunicación.
 - d) Coordinarse co equipo de orientación específico correspondente, tanto na **difusión do material específico** co que contan como no xeito de **pólo ao dispor do alumnado** con necesidades educativas especiais dos **centros docentes ordinarios**.



Recursos: Centros de EE



- Constituirase un **equipo de recursos**: unha persoa do equipo directivo, XDO e o profesorado que determine a dirección do centro.
- Funcións do equipo de recursos:
 - Elaborar os protocolos necesarios para desenvolver as funcións do centro de recursos.
 - Difundir os protocolos entre os centros docentes e os equipos de orientación específicos.
 - Inventariar e realizar o seguimento de todo o material que conforma o seu repositorio.
- Elaborar unha memoria coas accións desenvolvidas como centro de recursos.



Recursos: Centros de EE

Procedemento para o **acceso ou o uso do material específico** dos centros de educación especial que funcionen como centros de referencia e apoio, por parte de alumnado con necesidades educativas especiais dos **centros docentes ordinarios**:

- a) **Solicitud** do material necesario por parte da dirección do centro docente ordinario ao Servizo Territorial de Inspección Educativa, xunto cun informe xustificativo realizado pola xefatura do departamento de orientación.
- b) **Valoración do solicitado** por parte do equipo de orientación específico, por petición da persoa inspectora coordinadora do equipo.
- c) **Resolución do Servizo Territorial de Inspección Educativa** sobre o solicitado, e traslado desa resolución ao centro solicitante e ao centro de educación especial.



Cando o alumno xa non o precise, o material devolverase ao centro de EE. Manterán o recurso mentres permanezan no sistema educativo.

Recursos profesionales

- **Persoal auxiliar coidador – PAC**
- **Intérpretes de lingua de signos - ILS**
- **Guías intérpretes xordocegueira**
- **Mestres PT / AL**
- **Todas as persoas profesionais específicas que integran os centros de educación especial (art.79)**

PAC- coidadores

Artigo 80. O persoal auxiliar coidador como recurso.

- 1. Atenderá **alumnado con necesidades educativas especiais** escolarizado no segundo ciclo de educación infantil, en educación primaria, en educación secundaria obrigatoria e, **excepcionalmente, en educación secundaria postobrigatoria**.
- ★ 2. **Funcións.** (desprazamento, aseo, alimentación, activ complementarias e extraescolares)
 - d) Contribuír ao seu coidado durante todo o período lectivo, mesmo **dentro da aula** cando resulte necesario
 - f) De ser o caso, atender o alumnado durante o servizo de **comedor**, así como **no tempo inmediatamente anterior e posterior a ese servizo**.
 - i) Participar, logo da debida convocatoria, nas **reunións** nas que se aborden temas relacionados co alumnado que atende, colaborando nas liñas de coordinación establecidas polos equipos docentes que corresponda e polo departamento de orientación.
 - j) Calquera outra de análogo contido ou que teña relación coas funcións anteriores.
- ★ 4. A **ratio máxima** de persoal auxiliar coidador e alumnado con necesidades educativas especiais **non excederá de 1/6**, tendo en conta as necesidades de atención do alumnado.

PAC / ILS



Artigo 82. Solicitude e continuidade do persoal auxiliar coidador e do persoal intérprete da lingua de signos.

Solicitude inicial

Primeira quincena do mes de maio
Ditame escolarización (DO)
Resolución da Xefatura Territorial
➡ Informe- EOE + Informe IE

Continuidade

Cada curso - Mes de maio
Solicitude de continuidade - **informe DO**

- 5. O persoal auxiliar coidador e o persoal intérprete da lingua de signos **é un recurso ao dispor do centro docente, non un recurso unipersoal**. En consecuencia, este persoal poderá prestar atención a varios alumnos e alumnas, en función do seu horario laboral e das necesidades que presente cadaquén. En todo caso, a atención que se preste ao alumnado que atenda estará en función do que figure nos ditames de escolarización emitidos polos servizos de orientación.

Medidas extraordinarias: profesionales PT / AL

Artigo 57. Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ ou en Audición e Linguaxe

- ★ • Recurso **dirixido especialmente** á atención educativa do **alumnado** con necesidades educativas especiais (**nee**), sen prexuízo de que, **excepcionalmente**, atenda outro alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Funcións.
- ★ A súa atención docente directa **en ningún caso substituirá** a do profesorado titor nin a do profesorado que imparta as áreas ou materias nas que o alumnado reciba o apoio.

Medidas extraordinarias: profesionales PT / AL

Artigo 57. Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ ou en Audición e Linguaxe

- Atención docente directa, con carácter xeral, dentro da aula ordinaria do alumnado ao que apoia.
- Fóra da aula:
 - Con carácter excepcional
 - Constar no informe psicopedagógico.
 - En ningún caso suporá a totalidade do horario lectivo semanal dunha área ou materia, agás que o alumno estea escolarizado nunha modalidade diferente á ordinaria.
 - Grupo máximo de 5 alumnos de forma simultánea.

Medidas extraordinarias: profesionales PT / AL

Elaboración de:

- Programas de intervención co alumnado:
 - directrices do PXAD
 - en colaboración co profesorado de área ou materia
 - asesorados por XDO.
- Informes de apoio fin de curso de cada alumno/a.
- Memoria fin de curso



A orde establece os aspectos que deben incluír.

ANEXO V

INFORME INDIVIDUAL FINAL DE CURSO SOBRE AS MEDIDAS DE APOIO EDUCATIVO

CURSO: 20 - 20

DATOS DA ALUMNA OU DO ALUMNO:

APELIDOS: NOME:
 DATA DE NACIMENTO: CURSO: ETAPA: Infantil: ☐ NIVEL:
 Primaria: ☐ CICLO: 1º: ☐ 2º: ☐ 3º: ☐ NIVEL: GRUPO:
 Secundaria obrigatoria: ☐ CURSO: 1º: ☐ 2º: ☐ 3º: ☐ 4º: ☐ GRUPO:
 Outra: ☐ Especificala:

Por cada profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.

1. DATOS DO PROFESORADO:

APELIDOS: NOME:

2. DATOS DAS MEDIDAS DE APOIO:

ÁREA/S OU MATERIA/S EN QUE RECIBIU APOIO:
 DATA DE COMEZO DO APOIO: DATA DE REMATE DO APOIO:
 HORARIO SEMANAL E MODALIDADE DO APOIO REALIZADO (especificuese día/s da semana, horario e modalidade, dentro da aula ordinaria e fóra dela):

DESCRIPCIÓN DAS MEDIDAS DE APOIO:

- a) Tipo de tarefas realizadas:

 b) Principais materiais usados:

 c) Horario ou frecuencia de coordinación co profesorado da área ou da materia:

 d) Horario ou frecuencia de coordinación co profesorado tutor:

 e) Como se avaliaron as medidas de apoio?

VALORACIÓN FINAL DAS MEDIDAS DE APOIO:

- ☐ Acadáronse os obxectivos previstos nelas.
☐ Foron eficaces, pero a mellora non se extrapolaba ao traballo diario (ordinario).

PREVISIÓN PARA O CURSO PRÓXIMO (indíquese se se considera que esta alumna ou este alumno, no curso próximo, pode verse beneficiada/o ou non por unhas medidas regulares de apoio educativo, en que área ou materia, mediante que modalidade -dentro da aula ordinaria, fóra dela ou mixta- e número de horas semanais):

..... de de 20

O/a xefe/a do Departamento de Orientación,

O/a profesor/a que realizou o apoio

Asdo:

Asdo:

Seguiremos na
segunda sesión.

